

infraestruturas

Comezaron as obras na Fábrica da Luz, que pasará a ser un centro enogastronómico. **Páx. 4**

zona rural

As parroquias do rural contan xa cun plan piloto de taxi a demanda. **Páx. 7**

sociedade

Xesús Alonso Montero e Rafael de Vega xa son fillos adoptivos de Lugo. **Páx. 10**

cultura

Hugo Bal realiza achados de relevo nun estudo realizado nun xacemento de Becerreá. **Páx. 17**

deportes

O Club Portamiñá logra tres novos récords galegos na Copa de España. **Páx. 30**

A sociedade reclama un novo pazo dos deportes



Impulso ás zonas verdes da cidade

Continúan as obras de conexión dos paseos do Rato e do Miño e dos parques Rosalía e Marcos Cela. **Páx. 3 e 5**

Lugo xa ten listo o programa para este Nadal

Arrancará o 4 coa actuación de Os Bolechas e do Orfeón Lucense no pazo de San Marcos. **Páx. 14**

Cova Eirós



Xosé González é o director do documental sobre os traballos realizados. **Páx. 18**

Jordi Cicely



O escritor lugués vén de presentar a súa segunda novela. **Páx. 19**

CHL Meigas



Alejandro Fernández é director deportivo, preparador e xestor do club. **Páx.31**

A Deputación aproba os orzamentos

As contas do 2026 superan os 135 millóns de euros e soben un 3,7 % respecto a 2025. **Páx. 29**

EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es
Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. Rúa Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

O Concello lugués
licita melloras na
Escola Infantil de
Serra de Outes

A Xunta de Goberno do Concello de Lugo aprobou a licitación dunha serie de obras de mellora na Escola Infantil de Serra de Outes, que inclúen a renovación dos baños para adaptalos á normativa actual, a reforma do patio e outras pequenas actuacións nas instalacións. Os traballos realizaranse en dúas fases, unha en 2025 e outra en 2026, cun orzamento total de 111.041,14 euros, dos que 43.876,57 se investirán na anualidade de 2025 e 67.164,57 no ano seguinte. Cada fase terá un prazo de execución aproximado de tres meses.

COMEDOR DE FINGOI II. Por outra banda, a Xunta de Goberno deu luz verde ao convenio que permitirá instalar temporalmente unha caseta de obra en terreo municipal para funcionar como comedor escolar na Escola Infantil Fingoi II, co obxectivo de responder ás necesidades urxentes das familias mentres non se executa a ampliación comprometida pola Xunta de Galicia. O concelleiro de Urbanismo, Jorge Bustos, explicou que a aprobación deste convenio está condicionada ao pagamento das taxas correspondentes á licenza de obra, tal e como establece a normativa vixente.

AS MERCEDES. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP está a levar a cabo unha nova serie de actuacións de mantemento e acondicionamento no CEIP As Mercedes, en Lugo, ás que destina 90.500 euros. Esta fase se centra na ala esquerda do edificio, onde foi preciso actuar de maneira urxente para reparar os estragos ocasionados pola inundación rexistrada durante as obras do verán pasado, provocada pola rotura dun tubo da calefacción no segundo andar. Tamén se aproveitaron estes labores para corrixir filtracións anteriores á substitución da cuberta.

Piden a implicación das administracións
públicas para construír un novo Pazo

Cada xornada na que o Breogán xoga no Pazo dos Deportes, faise máis evidente a urxencia dun novo recinto deportivo. Milleiros de seareiros únense en cántigas na campaña #PorUnPazoDigno, que recolle o malestar social ante unhas instalacións de 1992 e que, segundo moitos, xa non dan máis de si.

Con xa case 40 anos de vida, a infraestrutura está próxima ao fin da súa vida útil, polo que cada vez son máis as voces que piden un novo espazo deportivo, como no seu día o Pazo substituíu ao antigo pavillón. Un dos elementos que máis demandan tanto xogadores como público xeral é un videomarcador, que xa debía estar instalado para a pasada tempada, pero desde a área de Deportes da Deputación de Lugo, que dirixe Efrén Castro, non se levou a cabo. Porén, comezando o verán prometeuse que a principios desta estaría instalado e, de novo, incumpríronse os prazos. Na actualidade, os equipos que xogan no Pazo e os afeccionados continúan esperando a instalación do videomarcador que, polo menos, xa está licitado. Así e todo, algúns técnicos alertan de que, aínda que a instalación do novo videomarcador poida ser viable, suporía levar a estrutura ao seu máximo límite de resistencia.

Por outra banda, a pesar das diferentes actuacións realizadas pola área de Deportes da Deputación de Lugo —como a mellora do pavimento, a impermeabilización da cuberta ou a eliminación de humidades—, estas intervencións apenas logran paliar as carencias dunha infraestrutura que non cumpre coas necesidades actuais. Concretamente, o pasado 6 de maio comezaron os traballos de reparación integral da cuberta do Pazo co prazo, segundo a Vicepresidencia da Deputación de Lugo, de ter os traballos acabados en catro meses. Non obstante, a día de hoxe



non se sabe cando rematarán; algo polo que tamén protestan os cidadáns que acoden ao Pazo a desfrutar dos diferentes encontros deportivos. Técnicos e representantes públicos tamén coinciden en que Lugo precisa un novo pavillón que poida acoller os máis de 5.000 abonados do CB Breogán -e os que están en lista de espera para facerse socio, un equipo

que compite na primeira Liga do baloncesto nacional. Pero non só por iso, senón porque en Lugo cada vez hai máis equipos que adestran neste mesmo espazo e non chegan as horas nas que se divide. Moitos cidadáns preguntáronse por que o Partido Popular de Lugo, tan crítico coa Deputación nesta materia, non adopta a mesma firmeza á

hora de reclamar á Xunta de Galicia un investimento decidido para construír un novo Pazo. O contraste é evidente: mentres o CB Breogán conta con arredor de 5.050 abonados e unhas instalacións limitadas estruturalmente, o Club Deportivo Lugo, con menos de 3.000 socios, recibiu recentemente un investimento da Xunta de máis de 3,8 millóns de euros para reformar o Anxo Carro. Lugo necesita un novo pavillón, moderno e na liña dos pavillóns da ACB, que ademais de acoller eventos deportivos, tamén poida acoller outras propostas culturais, como concertos, representacións teatrais, etc. Algo que non puido facer o novo Auditorio Fuxan Os Ventos, que tendo a dimensión que ten, de 20.000 metros cadrados, divídese de tal forma que, no salón central, a sala máis grande, ten só 50 butacas máis que o Auditorio Gustavo Freire, unha capacidade para 900 persoas; o que non permite que paren en Lugo grandes espectáculos que esixen dunha infraestrutura máis ampla. A Xunta, que investiu a meirande parte dos fondos para a súa construción e posta a punto, un custo total de case 25 millóns de euros, é a primeira sinalada como culpable da situación, pola súa falta de ambición na cidade amurallada. Para poñer en marcha ese novo pavillón, é necesario que todas as administracións —Concello, Deputación, Xunta e Goberno central— unan as súas forzas nun obxectivo común: dotar a Lugo dun novo pavillón moderno, seguro e acorde coas necesidades actuais, polo ben do deporte e da cidadanía lucense. Este espazo, ademais, sería un lugar de encontro para familias e amigos de diferentes lugares que se xuntan nun espazo a desfrutar dun espectáculo deportivo, posibilitando xerar ingresos a través de cafeterías, restaurantes e incluso unha tenda de promoción dos produtos do propio club da ACB.

Adxudicada a instalación
do videomarcador

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, anunciou a adxudicación da instalación do videomarcador do Pazo dos Deportes á empresa Mondo Ibérica. A Xunta de Goberno aprobou o contrato, que inclúe tanto a subministración como a instalación do equipamento, por un importe de 266.583 euros. Segundo a proposta da empresa, o videomarcador constará dun prisma rectangular LED de 50 m² con esquinas curvas, complementado cun anel LED inferior de 8 m² coa

mesma forma. En total, a superficie audiovisual ascenderá a 58 m², permitindo mostrar repeticións en alta calidade, gráficos, publicidade, estatísticas e retransmisións en directo. O contrato licitouse en xuño, tras realizar un estudo sobre a capacidade de carga da cuberta que determinase o peso máximo e a súa distribución para non comprometer a estrutura. Este estudo fixou un límite de 2.800 kg para a estrutura, sobre o que se basearon os requirimentos técnicos da licitación.

●

●

●

●

UNIVERSIDAD

Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas

Física

Química general e inorgánica

Química - Física I

Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II

Física I y II

Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

PAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O.

ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física

Química - Lengua - Gallego

Inglés - Latín - Griego

Historia - Filosofía

Biología - Geología

Geografía

Historia del Arte

j.m.rivas

ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS

ATENCIÓN PERSONALIZADA

GRUPOS REDUCIDOS

Preparación específica para subir nota en ABAU

QR CODE

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

Avanzan as obras que conectan os paseos fluviais do Rato e do Miño

As obras que permitirán unir os paseos fluviais do Rato e do Miño, completando o gran cinto verde de Lugo, entran xa na súa recta final. O proxecto, resultado do convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), suporá un antes e un despois na integración do río na vida cotiá da cidade. O alcalde, Miguel Fernández, e o presidente da CHMS, José Antonio Quiroga, supervisaron o avance dos traballos, que van a bo ritmo.

As obras, que están a piques de concluír, abranguen a preparación e acondicionamento de máis de 20.000 metros cadrados, coa eliminación da vexetación en mal estado, nivelación da plataforma e construción dun sendeiro de dous metros de ancho con pavimento estable. Ademais, instálanse bordes de granito, sistemas de drenaxe, bancos de granito, papeleiras metálicas e 17 luminarias LED. O proxecto inclúe tamén integración ecolóxica mediante



plantación de especies autóctonas —como carballos, freixos, abeleiras e bidueiros—, sementeira de céspede e instalación de casetas-refuxio para esquiños.

O alcalde destacou o carácter estratéxico e simbólico desta actuación, describindoa como “unha obra crucial para Lugo, porque non é só unha nova senda verde con máis de dúas hectáreas de natureza acondicionada para o seu aproveitamento: é un xeito de entender o modelo de cida-

de ao que aspiramos”.

O presidente da CHMS, José Antonio Quiroga, resaltou o valor da cooperación institucional que fixo posible a intervención. “A unión dos paseos do Miño e do Rato é un exemplo de como o traballo conxunto permite transformar o territorio e poñelo ao servizo da cidadanía”, afirmou, e precisou que só queda instalar o mobiliario e as luminarias e sementar a gramínea cando a climatoloxía o permita.

Piden melloras na iluminación da entrada a Lugo por Nadela

O Congreso dos Deputados deu luz verde á Proposición non de Lei presentada polo Grupo Popular para reclamar unha mellora da iluminación no acceso a Lugo por Nadela e a humanización da travesía deste enclave.

A iniciativa recibiu o respaldo de 18 parlamentarios —entre eles PP, Vox e Grupo Mixto a través do BNG— fronte ás 17 abstencións rexistradas polos deputados do PSOE, Sumar, ERC e Junts.

Instalarán na cidade sete novas marquesiñas de bus urbano

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, anunciou que o Concello de Lugo está a tramitar a adquisición de sete novas marquesiñas para o bus urbano. Penas explicou que “continuamos a mellorar o servizo de transporte público, atendendo ás solicitudes da veciñanza que reclamaba novas marquesiñas en distintas zonas”.

As novas marquesiñas instalaranse nas paradas N-640, pista aserradeiro, dirección centro; Rúa Castela, 53; Avenida Infanta Elena, rotonda

dirección centro; Rúa Amizade, 1, esquina rúa Quiroga; Rúa Montero Ríos, fronte ao 83; Avenida de Magoi, 92, fronte ao Gadis; e Avenida Fábrica da Luz, Pazo de Feiras.

“Seguimos a ampliar o mobiliario urbano, escoitando sempre as solicitudes da veciñanza e procurando mellorar a imaxe da cidade”, afirmou Alexandre Penas, quen engadiu que “avanzamos cara a unha mobilidade máis ecolóxica na que a xente aposte polo transporte urbano fronte ao vehículo privado”.

EN BREVE



ROF CARBALLO. O Concello vén de inaugurar o novo aparcadoiro público na rúa Rof Carballo, onde acaban de rematar as obras e xa está aberto ao público. O novo espazo amplía en 17 prazas o estacionamento dispoñible.



RUÍNA. A Asociación Lugo Monumental denuncia o “grave estado de abandono” dun inmoble da Praza do Campo, un dos espazos máis transitados do casco histórico e punto clave da zona dos viños. Trátase dunha edificación próxima ás dúas oficinas de turismo, que permanece valada desde hai máis de tres anos por desprendementos.



ROF CODINA. O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado do concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, visitou a rúa Rof Codina para manter un encontro con representantes da veciñanza e coa delegada de AUXILIA. A intervención abrangue un treito de 175 metros entre a Rolda das Fontiñas e a rúa Juan Antonio Moreno Fuentes.



*Clinica dental
Mosquera Otero*



Registra Sanidade: C27-001349




- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

A Asociación da Milagrosa reclama ao Concello solucións ás carencias de iluminación

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa trasladou á Concellería de Infraestruturas e Mobilidade as queixas acumuladas nos últimos meses por parte de numerosos residentes e negocios do barrio, especialmente das rúas Gardas, Curros Enríquez e outras contiguas. Segundo explican, veñen detectándose apagamentos intermitentes no alumado público que deixan un dos lados destas vías con escasa visibilidade. A entidade afirma descoñecer as causas que están detrás destes fa-

llos, pero subliña que esta situación está xerando unha crecente sensación de inseguridade entre os veciños e veciñas que empregan estas rúas a diario, ademais de repercutir negativamente nunha área que concentra unha importante actividade comercial. Por este motivo, a asociación solicita ao Concello que realice unha revisión completa das instalacións de iluminación, identifique a orixe dos problemas e adopte as medidas necesarias para evitar que estes apagamentos continúen producíndose no futuro.



Novos pasos e lombos reducen a velocidade na Avenida da Coruña

A área de Mobilidade e Infraestruturas continúa a desenvolver unha nova fase do plan de calmado de tráfico na Avenida da Coruña, dentro das actuacións que se están a executar en diversos puntos da cidade. O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que se están a instalar 12 novos elementos de calmado de tráfico, incluíndo pasos de peóns elevados e lombos de asno en distintas

rúas urbanas. Arroxo destacou que “continuamos a atender os barrios e zonas periurbanas da cidade, para aumentar a seguridade peonil”. Estas medidas teñen como obxectivo reducir notablemente a velocidade dos vehículos e garantir unha plataforma física a distinto nivel da calzada. En todos os casos, colocárase sinalización específica para avisar do paso de peóns elevado.

Inician a conversión da Fábrica da Luz nun centro enogastronómico

O Concello de Lugo pon en marcha as obras de rehabilitación da antiga Fábrica da Luz, un edificio histórico situado á beira do río Miño que se converterá nun futuro centro enogastronómico divulgativo. O proxecto respectará a estrutura orixinal do edificio e as características arquitectónicas que o converte nun referente do patrimonio industrial da cidade. Contará con espazos diáfanos para eventos gastronómicos, xuntanzas e puntos de divulgación e degustación, mellorando a eficiencia enerxética, substituíndo carpinterías por elementos de altas prestacións, reforzando a estanqueidade e restaurando fachadas e instalacións deterioradas. Esta intervención permitirá recuperar un espazo de gran valor histórico, que a finais do século XIX foi clave no abastecemento eléctrico da cidade, e convertelo nun punto de referencia para a difusión da cultura gastronómica e vinícola de Lugo e a súa contorna. Co inicio das obras, o Concello reafirma o seu compromiso



so cun modelo de cidade sostible, innovador e centrado na defensa do patrimonio, na promoción dos produtos locais e na mellora da calidade de vida. O alcalde, Miguel Fernández, e o concelleiro de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, visitaron o inmovible coincidindo coa firma de replanteo da obra, que terá un prazo de execución de catro meses e se enmarca dentro do Plan de Sostibilidade Turística en Destino.

Durante a visita, Fernández destacou que a recuperación da Fábrica da Luz “non é só unha actuación sobre un edificio histórico, senón unha aposta clara polo futuro de Lugo, pola súa economía e pola súa identidade”. Subliñou que o proxecto “forma parte dunha visión de cidade que busca integrar patrimonio cultural, territorio e sectores produtivos, conectando a nosa historia coa natureza e co enorme potencial gastronómico que posuímos”.

O Pleno aproba a proposta do PP para rexenerar o barrio do Carme

O pleno do Concello de Lugo votou por unanimidade a favor dunha proposta do Partido Popular destinada a rexenerar o barrio do Carme, baseada nun novo modelo urbano que permita actuar de inmediato. Segundo os populares, o primeiro paso real cara á recuperación do barrio pasa por modificar o actual PERI-6 e deseñar unha nova ordenación que se poida aplicar de forma progresiva. A proposta do PP establece tres liñas

de actuación principais: extraer vía segregación unha bolsa de solo do Plan Especial para non aplicar o artigo 90 da Lei do Solo, permitindo así rehabilitar, vender, hipotecar ou poñer en alugueiro os inmoables; identificar unha ordenanza específica para esta contorna segregada, podendo usar unha existente (como a ordenanza de mazá pechada) ou crear unha nova; e planificar unha segunda fase de rexeneración integral para

o resto do barrio, que complete a recuperación da contorna. O PP explicou que leva anos reclamando unha iniciativa urbanística que rexenere o Carme, lembrando que durante este tempo o único que se fixo por parte do PSOE e do BNG foi gastar 10 millóns de euros de fondos europeos en obras como un carril bici, novas pavimentacións ou o coliving de artistas, sen que estas intervencións transformasen o barrio.

LACREMA
DMLAB

- BY DR. VÁZQUEZ -

CREMA EFECTO ANTI-EDAD
NUEVA FÓRMULA PATENTADA

AGEOPTIMA

- BY DR. VÁZQUEZ -

CREMA INTEGRAL ANTIEDAD
NOCHE

DM LAB
CREMAS

- BY DR. VÁZQUEZ -

Vixel
HERBOLARIO

Rúa Montero Ríos, 41. 27002 LUGO
Tel: 982 251 827 • josemanuel@vixel.es
www.vixel.es

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

Lugo avanza na conexión peonil dos parques Rosalía e Marcos Cela

O Concello de Lugo está a desenvolver os traballos de soterramento das instalacións eléctricas na contorna como paso previo ao proxecto que unirá os parques de Rosalía e Marcos Cela mediante unha plataforma peonil.

Así o explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, quen sinalou que esta actuación formará parte dos orzamentos de 2026 e permitirá avanzar cara a unha cidade máis camiñable, creando un novo espazo peonil entre dúas zonas clave da cidade.

Esta alternativa peonil accesible permitirá salvar a barreira que supón a ronda República Arxentina, creando unha zona útil non só para unir os parques, senón tamén para o uso da veciñanza da área. “Isto tería un concepto importante a nivel cidade”, afirmou Arroxo.



O tenente de alcalde detallou que esta actuación permitirá avanzar na creación dun corredor leste-oeste que nacería na praza do Camiño Primitivo, en Fontiñas, subiría por Carril das Flores —que se fará peonil—, continuaría pola Mosqueira e pola Ronda da Muralla, entrando en Re-

catelo a través do Carril dos Loureiros.

Desde aquí, o percorrido continuaría polo barrio de Recatelo ou polo novo Muro de Frei Plácido Rei Lemos, ata chegar á pasarela que permitirá cruzar cara a Magoi ou ao parque Marcos Cela por un espazo peonil..



Plantan máis dun centenar de árbores na Avenida de Madrid

Iniciouse unha nova intervención de mellora ambiental e paisaxística na avenida de Madrid, un dos principais accesos á cidade. A actuación, enmarcada no Eixo de Infraestrutura Verde da área de Transición Ecolóxica, ten como obxectivo avanzar na estratexia de humanización dos espazos públicos e reforzar a súa adaptación ao cambio climático mediante

a plantación de máis de cen árbores e a renovación integral das zonas axardinadas.

En total, plantaranse 114 árbores de gran porte. Estas novas plantacións completaranse con máis de 500 metros cadrados de arbustos e cubresolos distribuídos entre a avenida Xosé Castiñeira e a rotonda da Filarmónica Lucense.

O Concello de Lugo impulsa varios proxectos clave de urbanismo

Nos últimos meses, o Concello de Lugo avanzou en diferentes proxectos estratéxicos para o desenvolvemento urbano da cidade. Entre eles, destaca o desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo, impulsado pola Deputación Provincial, unha actuación que mellorará tanto a mobilidade como a seguridade viaria.

En paralelo, tamén se rexistraron avances na tramitación do proxecto de urbanización do Polígono único S-16R, actualmente en fase de avaliación ambiental e con informes sectoriais solicitados. O concelleiro de Urbanismo, Jorge Bustos, destacou a importancia de “manter o

equilibrio entre o crecemento e a calidade urbana, apostando por un modelo de cidade sostible e amable, que combine espazo público, vivenda e servizos”.

O Concello avanzou igualmente nos proxectos de compensación urbanística, fundamentais para a ordenación do solo e a futura implantación de novos servizos e vivendas. Un indicativo do dinamismo urbanístico da cidade é a constitución de novas Xuntas de Compensación, como as dos sectores S-16R e S-51, promovidas polas entidades Bipahura S.L. e Dmanan, respectivamente. Estes avances permiten mobilizar solo urbanizable, facilitando proxectos

residenciais e melloras en infraestruturas, aumentando o parque de vivendas e optimizando a mobilidade. Ademais, continuou a revisión e recepción das obras de urbanización xa executadas, paso imprescindible para poñer en servizo novos espazos e habilitar licenzas de edificación. Xa foi recibida a unidade de actuación Norte 26 (URPI 11), mentres que os procesos de recepción das urbanizacións de Saamasas e Río Eo avanzan de forma significativa, pendentes só de informes técnicos. Tamén avanzou en procesos de expropiación forzosa, tanto de propietarios non incorporados ao Sector S-16R como no expediente do Sagrado Corazón.

Arroxo reclama que a Xunta acenda todo o alumeado da Muralla

Rubén Arroxo, portavoz do BNG e tenente alcalde do Concello de Lugo, reclamou á Xunta de Galicia que restableza o funcionamento completo do alumeado da Muralla da cidade.

Arroxo explicou que, a pouco máis dunha semana de conmemorar o 25 aniversario da declaración da Muralla como Patrimonio da Humanidade, 106 luminarias do adarve estiveron apagadas, a pesar de que moitas persoas utilizan este espazo durante a noite.

O portavoz do BNG subliñou que

“Lugo está a traballar en poñer en valor o monumento máis importante da cidade, mentres que a Xunta de Galicia, como responsable do seu mantemento, deixa de lado o coidado do alumeado da Muralla”. Arroxo destacou que “o bo estado do noso monumento faise máis relevante nestas datas, cando estamos a piques de celebrar un momento histórico”.

Arroxo esixiu á Xunta que cumpra co seu deber e “poña en valor a Muralla, que representa tamén un importante recurso turístico”.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

O Concello pide á Xunta máis medios para combater as pragas de xabaráis

O Goberno local de Lugo instará formalmente á Xunta de Galicia a incrementar os recursos humanos, técnicos e económicos destinados ao control de pragas no municipio. A voceira municipal, Ana González Abelleira, anunciou que o Concello reclamará ao Executivo autonómico un traballo “máis rigoroso e planificado” para poñer freo ás especies fóra de control, “asumindo dunha vez as súas competencias nesta materia”.

Advertiu da falta de medios e de previsión por parte da Consellería do Medio Rural para afrontar un problema que, segundo subliñou, está a afectar á saúde ambiental, á seguridade cidadá e á economía do territorio. González Abelleira pediu á Xunta que preste especial atención ao control da poboación de xabaráis dentro do termo municipal, debido aos danos crecentes que estes animais están a causar nas zonas verdes e na contorna periurbana, ademais do perigo que supoñen para a seguridade viaria. “Cada vez son máis frecuentes as incidencias en estradas causadas por xabaráis, e a falta de actuación preventiva está a xerar un problema serio”, advertiu.

A representante socialista fixo tamén fincapé na necesidade de reforzar os medios destinados á loita contra a avespa velutina, unha especie invasora que continúa expandíndose de forma acelerada. “Non podemos seguir improvisando cada verán con campañas de emerxencia. É imprescindible unha planificación estable e con recursos suficientes para conter unha praga que afecta á biodiversidade e tamén á actividade económica, especialmente á apicultura.

Asoporcel idea unha etiquetaxe pioneira que amosa a trazabilidade

A Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (Asoporcel) acaba de desenvolver un novo sistema que permitirá que as canles e as cabezas de Porco Celta incorporen na súa etiquetaxe un código QR intelixente co que o consumidor poderá consultar toda a información do animal e do proceso de produción. Galicia convértese así na primeira comunidade en ofrecer un sistema de trazabilidade total e verificada para unha carne autóctona. A través deste código, poderase acceder a datos como o número de precinto, sexo e idade do animal, data de sacrificio, nome do propietario e localización da granxa, matadoiro, industria transformadora, técnico responsable e

peso da canle. A información está dixitalmente certificada e vinculada a un sistema blockchain, que garante a súa inviolabilidade e transparencia.

“O consumidor poderá coñecer con exactitude de onde vén o que está a comer, e iso tradúcese en confianza e seguridade alimentaria”, explican desde Asoporcel. “Ao mesmo tempo, é unha ferramenta que pon en valor o traballo dos nosos gandeiros, que apostan pola calidade, o benestar animal e o respecto polo medio ambiente”.

A primeira proba do sistema realizouse a finais de outubro con pezas procedentes de ganderías socias de Asoporcel e estará totalmente operativo a partir de 2026.



Noelia Rodríguezponse á fronte de Agromuralla, que inclúe novos sectores

A asociación Agromuralla renovou a súa xunta directiva, con Noelia Rodríguez como nova presidenta e dando entrada no seo do colectivo a novos sectores como o do vacún de carne ou o do viño.

Dentro dos actos polo seu décimo aniversario, Agromuralla celebrou unha Asemblea Xeral de socios, uns 400 neste momento, onde se reafirmou o compromiso con todo o sector primario galego.

Por iso, tras unha década de actividade, a asociación xurdida das tractoradas polos baixos prezos do leite, acordou dar cabida tamén a outros sectores. “O medio rural ten problemas comúns que temos que afrontar dende unha óptica máis transversal”, defendeu a nova presidenta, Noelia Rodríguez.

As dificultades para acadar prezos xustos en orixe para os produtores, os problemas de relevo xeracional e a escasa valoración social da importante labor que realizan os agricultores e gandeiros tanto desde o punto

de vista do subministro de alimentos á poboación como de coidado do territorio son algúns dos retos que comparten os distintos sectores.

Renovación de cargos

Tal como establecen os estatutos de Agromuralla, a Asemblea Xeral acordou tamén a renovación de cargos da Xunta Directiva, que foron aprobados por unanimidade. Tras catro anos como presidente, José Luis Pérez Barreiro cede o testigo a Noelia Rodríguez, titular dunha explotación de vacún de carne da Pastoriza e asesora xurídica da asociación dende a súa creación fai 10 anos.

Estará acompañada por Alberto Fouce, da gandería Herdeira SC de Guntín como vicepresidente; Antonio Alvite, da SAT Alvite da Pastoriza como secretario; Pablo González, viticultor de Quiroga como tesoureiro; e de José María Castro, de Castro Buxía SL de Trazo; Miguel Pérez, de Casanova Holstein de Baleira; e Javier Regueiro, da Gandería Cordeiro de Cospeito como vocais.

NOVA CONCELLEIRA



A nova concelleira de Cohesión Territorial, María Reigosa, supervisou os traballos que a Brigada Municipal do Rural está a executar na parroquia do Veral, onde o Concello de Lugo leva a cabo unha intervención de mellora viaria nunha pista estratéxica para a mobilidade da zona.



OBRASY REFORMAS
JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciónes • Acondicionamentos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106



El mejor regalo es cuidarse
Estas Navidades regala bienestar y calma



Reservas mediante Whatsapp
636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo • 636 384 715 • www.orballoestetica.com

Lugo arranca un plan piloto de taxi a demanda nas parroquias rurais

O tenente alcalde e edil de Mobilidade, Rubén Arroxo, xunto coa concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López, reuniuse coas veciñas e veciños de Labio, un dos núcleos seleccionados para iniciar o plan piloto de taxi a demanda. Arroxo explicou que “Lugo pode ser a segunda cidade do estado en contar cun sistema que permita á veciñanza das parroquias sen servizo de bus solicitar un taxi para achegarse ata a cidade a custo reducido”.

O responsable municipal destacou que se porá en marcha un servizo que permitirá á veciñanza desprazarse baixo demanda, dado que o bus urbano non chega ás 54 parroquias do concello. Este transporte rural a demanda contará cunha plataforma de control que permitirá ao Concello coñecer tanto a demanda do servizo como os percorridos realizados por



cada vehículo.

O funcionamento será similar ao do bus urbano, conectando as parroquias con rutas predefinidas e mantendo o prezo do billete do bus urbano, sempre que a veciñanza solicite o servizo con antelación. Arroxo

subliñou que “sería insostible que o bus urbano dera servizo ás 54 parroquias do rural de Lugo, mais esta alternativa permitiría á veciñanza gozar de transporte público a un prezo asequible”.

Segue o confinamento de aves de cría

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación decretou o confinamento obrigatorio de todas as aves de cría que se manteñen ao aire libre en España. A medida, que entrou en vigor o 13 de novembro, pretende reforzar a prevención fronte á influenza aviaria nun momento no que aumenta o risco de expansión.

Ata agora, a prohibición de manter aves no exterior aplicábase só aos 1.201 municipios catalogados como zonas de especial risco ou especial vixilancia. Porén, a orde amplía a obrigabilidade a todas as explotacións avícolas do país, incluídas as granxas ecolóxicas, as de autoconsumo e as destinadas á produción de carne ou ovos para venda directa.

O PP reclama melloras no Camiño de Santiago

O Partido Popular defenderá tanto na Deputación como no Concello de Lugo iniciativas destinadas a incrementar a seguridade nos tramos do Camiño de Santiago que discorren polo municipio e en distintos puntos da provincia. Os populares, que se reuniron con veciños do Burgo, alertan de que numerosos treitos carecen de espazos seguros para camiñar, o que expón a riscos tanto a veciños como a peregrinos que circulan a diario pola calzada.

A voceira municipal, Elena Candia, destacou que no concello existen lugares nos que urxe actuar para garantir a convivencia entre vehícu-

los e peóns. Entre os tramos máis críticos sinala a estrada LU-P-2901 no Burgo, estreita e sinuosa, onde o tráfico circula a altas velocidades sen espazos seguros; o cruzamento das estradas LU-P-2901 e LU-P-1611, con visibilidade limitada; e a LU-P-2917 en Gondar, con numerosas curvas e sen beiravías adecuadas. Para estas zonas propónse instalar redutores de velocidade, mellorar a sinalización e estudar a creación de sendas paralelas ou acondicionar cunetas pavimentadas para os camiñantes. Candia subliña que o Xacobeo 2027 traerá un maior número de visitantes e peregrinos.



Rehabilitan o local social de Ombreiro e comezan a execución dunha senda

A Xunta de Galicia colaborou coa asociación de veciños Ombreiro Río Miño na execución de diversas melloras no seu local social, situado no núcleo do Rigueiro, na parroquia lucense de Ombreiro.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou as instalacións para coñecer o resultado das obras, que tiveron como obxectivo principal mellorar a accesibilidade e o illamento do edificio, cunha achega autonómica de 12.000 euros.

Entre as actuacións realizadas destacan a eliminación das escaleiras da entrada, a instalación dunha barra de suxeición no baño —pensada especialmente para persoas con mobilidade reducida—, a reparación de filtracións de auga, a colocación dun teito de pladur e a renovación da instalación eléctrica, ademais doutros pequenos arranxos necesarios para o bo funcionamento do inmobile.

Arias explicou que a asociación veciñal de Ombreiro foi beneficiaria das axudas do Plan de acción comunitaria deste ano, convocado pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, co obxectivo de apoiar ás entidades veciñais na mellora dos espazos onde desenvolven

as súas actividades. Ademais, lembrou que nunha edición anterior deste programa, a mesma agrupación xa recibira unha achega de 17.000 euros para acometer obras e adquirir material para o seu local social.

Durante o encontro cos veciños, o delegado territorial tamén informou dos avances do proxecto para a construción dunha senda peonil na estrada autonómica LU-234 ao seu paso por Ombreiro, unha obra que contará cun investimento de 625.000 euros. A redacción do proxecto está en marcha desde a formalización do contrato o pasado mes de xuño, e o percorrido previsto terá algo máis dun quilómetro, entre Ponte Ombreiro e Torre de Riazón, co obxectivo de mellorar a seguridade e a mobilidade peonil na zona.

Arias lembrou que esta actuación forma parte da segunda fase do Plan de Sendas de Galicia, que contempla a redacción dos proxectos para os primeiros itinerarios e prevé un investimento total de 70 millóns de euros ata o ano 2027, co fin de crear máis de 120 novos quilómetros de sendas peonís en toda a comunidade.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

TELEFORMACIÓN



ADGG0108-Administración y gestión de las comunicaciones de la dirección.



HOTG0208-Inglés profesional para turismo

Consulta toda la oferta formativa:

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES

estudios
rafer



O Goberno local destina 14.900 euros a axudas a entidades

O Concello de Lugo, a través da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais, vén de aprobar de maneira provisional a concesión das subvencións destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que traballan pola dinamización económica do municipio no exercicio de 2025.

As axudas, cun importe total de 14.906,07 euros, distribúense entre oito entidades lucenses que desenvolven a súa actividade en ámbitos como o emprendemento, o asociacionismo empresarial, a economía social, a industria, a hostalaría e a promoción cultural.

Entre as beneficiarias figuran a Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU), a Federación de Asociacións de Ámbito Social de Lugo (FADAS), a Asociación de Distribuidores de Hostalaría e Alimentación (ADISLUGO), a Asociación Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL) ou a Asociación de Empresarios dos Polígonos Industriais do CEAO e das Gándaras, entre outras.

O proceso de avaliación, realizado pola Comisión Avaliadora nomeada o 10 de outubro de 2025, tivo en conta factores como o impacto económico das iniciativas, a súa contribución ao emprego e á innovación local, así como o grao de colaboración co tecido produtivo lucense. As puntuacións outorgadas oscilaron entre os 8,75 e os 14 puntos sobre un máximo de 14, valorándose especialmente a traxectoria e a solvencia das propostas presentadas.

EN BREVE

CONTADORES DE AUGA. O Grupo Municipal do Partido Popular mantivo un encontro con representantes de Alufonca, a asociación que reúne profesionais do sector da fontanaría, para explicarlles o rogo que levarán ao próximo Pleno sobre a renovación dos contadores de auga.

O Partido Popular local presenta 130 propostas aos orzamentos de 2026

O Grupo Popular de Lugo presentou máis de 130 propostas aos orzamentos municipais de 2026, que cualifica de “realistas e centradas nas demandas da veciñanza, co obxectivo de mellorar a calidade de vida nos barrios e parroquias de Lugo”.

A voceira popular, Elena Candia, lembrou que estas achegas chegan nun contexto no que o plan de investimentos do Concello dos últimos tres anos apenas se executou, e defendeu que o PP presenta un modelo alternativo para activar a cidade.

Entre 2023 e 2025, o Concello anunciou un plan de investimentos de 26,1 millóns de euros con 184 actuacións previstas. Segundo Candia, só se executaron 6,6 millóns, menos de tres de cada dez euros comprometidos, quedando sen executar preto do 75 % do plan, o que evidencia “a incapacidade do goberno local para transformar en feitos o que promete en titulares”. Das 184 actuacións, só se levaron

a cabo 35, entre as que destacan proxectos pendentes moi demandados pola cidadanía, como o novo pavillón polideportivo, a mellora da entrada pola Fervedoira, a reparación da rúa Fermín Rivera, a mellora das instalacións da Protectora de Animais, ou os plans de saneamento e abastecemento en parroquias como Esperante.

Candia destacou que moitas das achegas presentadas precisan pequenos investimentos, pero tamén inclúen proxectos estratéxicos e innovadores, como o Plan Zero18, dirixido á poboación infanto-xuvenil, así como reforzos no orzamento para intervencións que melloren a mobilidade e accesibilidade, como a unión do barrio da Estación co centro ou a creación dunha rede de aparcamentos en altura en distintos barrios.

Solicitan tamén o cumprimento do acordo plenario de xullo de 2025 sobre a supresión da plusvalía e a bonificación do IBI nas áreas de expansión.

O pleno centrou o debate no custo dos comedores

O pleno de novembro abriu cunha intervención do tenente alcalde, Rubén Arroxo, quen detallou o impacto económico que supuxo o servizo de comedores escolares ao longo deste ano. O responsable municipal lembrou que esta prestación é, segundo subliñou, unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia que non está sendo atendida e que obrigou ao consistorio a destinar 523.723 euros das súas contas.

Arroxo advertiu de que esta situa-

ción impide dedicar ese medio millón de euros a ámbitos propios da administración local, como a renovación de infraestruturas urbanas, o impulso cultural ou a mellora xeral da cidade. Acusou ao Goberno galego de desentenderse dun servizo esencial e reclamou que “cumpra coas súas obrigas”. Asegurou que a Concellería garantirá que ningún menor quede sen comedor escolar “a pesar de que a Xunta non está a facer o que lle corresponde”.



Caixa Rural financiará a vivenda pública galega

Caixa Rural Galega asinou un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para facilitar o financiamento destinado á promoción e construción de vivendas protexidas de promoción pública. Este acordo, cunha vixencia de catro anos, permitirá ofrecer préstamos para a construción ou promoción de fogares públicos e a subrogación dos devanditos préstamos a favor das persoas adxudicatarias, garantindo sempre a protección permanente dos inmobles. A iniciativa enmárcase no obxectivo do goberno galego de duplicar o parque público residencial durante

esta lexislatura, alcanzando as 4.000 novas vivendas. Actualmente, a Administración autonómica ten en marcha preto de 3.000 vivendas en diferentes fases de execución. Con esta colaboración, Caixa Rural Galega reforza o seu compromiso co desenvolvemento social e económico de Galicia, contribuíndo a que máis familias accedan a unha vivenda digna e alcanzable. O convenio establece liñas de financiamento tanto para proxectos xestionados pola Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) como polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Educación reparte máis de 9.000 euros entre 12 ANPAS de Lugo

Iria Buide, concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, deu conta da publicación da listaxe definitiva do programa de subvencións dirixidas a asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as (ANPAS) de centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa. En total, realizarase un investimento de 9.093,47 euros para as actividades das distintas asociacións ao longo do curso.

A concelleira explicou que con esta liña de axudas “buscamos fomentar as actividades que impliquen a participación das familias no sistema

educativo, mellorando a formación e coñecemento deste e axudando, colaborando na creación de comunidades educativas”.

Este ano, como novidade, serán subvencionables actividades de formación sobre distintas temáticas (adiccións, educación emocional, primeiros auxilios ou igualdade entre outras) e actividades culturais, como visitas a museos, visitas turísticas, etc.

Dende a Concellería de Educación do Concello de Lugo, considérase que a participación das familias na educación é un factor fundamental para conseguir o éxito educativo.




TOSHIBA

Distribuidor oficial de sistemas de impresión Toshiba



Medinformática

SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Distribuidor de software L@ndín

Gesl@n TPV software para comercios

C/ SANTIAGO 1, BAJO D - 27004 LUGO

Tels. 982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



A Deputación completa o proxecto de desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena

O ente provincial invertiu en total 2,4 millóns de euros neste importante acceso de Lugo

Este novo tramo contará como os anteriores, cunha plataforma cun ancho de 32,5 metros, con dous ou tres carrís de circulación por cada sentido, carrís bici, beirarrúas, mobiliario urbano como bancos e papeleiras, e tamén arboredo. Ademais sinalou que os traballos inclúen a renovación do abastecemento, saneamento e alumeadado para dotar de servizos a un futuro crecemento da cidade.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, destacou que coa finalización desta obra "completamos un acceso espectacular, o mellor que terá Lugo e onde fai máis falta pola afluencia de tráfico que ten".

Pola súa banda o rexedor municipal, Miguel Fernández Méndez explicou que "é visible o cambio que vai experimentar este acceso á cidade, nunha zona con gran peso comercial e industrial, pola súa proximidade ao centro comercial e aos polígonos industriais, que contará ademais con arborado, iluminación, novo mobiliario urbano e que se adaptará á perfección co desenvolvemento de futuros solos e con ese modelo de cidade aberta e sostible, que todas e todos queremos para Lugo".

O alcalde agradeceu tamén "o compromiso da Deputación de Lugo e tamén o importante esforzo económico realizado, con eses 2,4M€ de inversión que implicará a ampliación desta entrada a Lugo, e que nos permite ademais avanzar nos proxectos de mellora doutros accesos a Lugo como a Avenida Adolfo Suárez".

O proxecto desde a glorieta de Garaballa á de Benigno Rivera

O proxecto, que conta cun investimento de 1,3M€, contempla o desdoblamento e a humanización da Avenida Infanta Elena no treito comprendido entre a glorieta Garaballa de Arriba e á de Benigno Rivera.

Este tramo, cunha lonxitude total de 456 metros, contará con dúas marxes de calzada dun ancho de 10,25 metros cada unha, distribuídas en tres carrís de circulación por sentido. Ademais, a marxe dereita dotarase dun carril bici cun ancho de 3 metros, e no caso das beirarrúas terán 4,05 metros de ancho a ambos lados, con árbores, iluminación, bancos e papeleiras.

Estes traballos tamén inclúen a renovación e dotación dos servizos de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta a situación actual e as demandas futuras que poida ter a contorna, como pode ser o desenvolvemento de solos urbanos ou urbanizables.



Obra realizada por:



ESPECIALIZADOS EN:

AUGAS
ESTRADAS

TECNOLOXÍA DO PAVIMENTO
CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

En Galicia desde 1969

A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO



Usuarios da residencia das Gándaras reclaman á Xunta espazos individuais

Decenas de usuarios da Residencia de Maiores das Gándaras concentráronse na mañá deste sábado, 29 de novembro, ás 10.30 horas, baixo unha intensa choiva, para reclamar á Xunta de Galicia que escoite as súas necesidades no marco das obras de remodelación previstas para o centro, cun investimento de oito millóns de euros. Os residentes explicaron que non foron informados sobre o alcance do proxecto e que só coñeceron os detalles unha vez iniciado o proceso in-

terno de reorganización de espazos. Segundo denuncian, a nova distribución das habitacións toma como referencia o modelo dos usuarios encamados, o que implicaría eliminar as paredes que actualmente separan algúns cuartos para substituílas por elementos como téxtiles ou plásticos. Consideran que esta solución compromete a intimidade e impide desenvolver actividades cotiás fundamentais, como ler, facer exercicio, escoitar música ou conversar de maneira tranquila cos seus familiares.

Nomean fillos adoptivos a Xesús Alonso Montero e Rafael de Vega

O Vello Cárcere de Lugo acolleu un emotivo acto de homenaxe no que o Concello nomeou fillos adoptivos da cidade a Xesús Alonso Montero e a Rafael de Vega Barrera, dous referentes cuxa traxectoria marcou a historia da educación e da sanidade públicas en Galicia. O acto estivo guiado polas palabras do escritor e amigo de Alonso Montero, Claudio Rodríguez Fer, quen repasou a ampla traxectoria do profesor e o seu compromiso co pensamento crítico. O homenaxeado, visiblemente emocionado, agradeceu a distinción e recoñeceu que “como cidadán e profesor nos meus 16 anos de Lugo vivín o período máis interesante da miña vida”. O docente lembrou tamén as dificultades que sufriu durante o réxime franquista pola súa defensa da cultura e da lingua galega, facendo gala da súa habitual retranca e ironía. A continuación, tivo lugar o recoñecemento a Rafael de Vega, no que participaron dous dos seus netos, Rafael Pérez de Vega e Santos de Vega Villa. No seu discurso, agradeceron o nomeamento e subliñaron que “este acto non é só un recoñecemento honorífico, é un xesto de



reparación persoal cara alguén cuxa vida estivo guiada pola vocación de servir, curar e dignificar ao ser humano”. Engadiron que “recordar a memoria histórica e transmitir os valores de democracia que defendeu o noso avó é pechar feridas con verdade, xustiza social e reparación”. O alcalde entregou á familia a placa que recoñece a Rafael de Vega como “Fillo Adoptivo de Lugo polo seu exemplo de humanidade, polo seu compromiso coa sociedade e polo sacrificio que honra a nosa historia. A memoria é a forma máis digna que temos de facer xustiza”. Os netos de De Vega aproveitaron

tamén para lembrar a importancia de preservar a memoria histórica e advertiron que “os pobos que esquecen a súa historia están condenados a repetila”. Santos de Vega Villa, pola súa parte, felicitou a Alonso Montero “polo moi merecido nomeamento” e lembrou que tivera “a sorte de ser o seu alumno no instituto Lucus Augusti”. O acto pechouse cun dos momentos máis emotivos da xornada: a lectura dunha das cartas que Rafael de Vega escribiu na cela número 33 do cárcere horas antes de ser fusilado, unha lembranza que converteu o patio do Vello Cárcere nun espazo de memoria, dignidade e recoñecemento.

¡Vive la magia de la Navidad en el Hotel Torre de Núñez!

- *Diferentes salones para tus comidas familiares
- *COMIDA PARA LLEVAR: también en Nochebuena, Navidad, Fin de Año y Año Nuevo
- *Cena Especial Fin de Año

982 30 40 40

TORRE DE NÚÑEZ Hotel

Lugo, primeira cidade en liderar un estudo piloto sobre accesibilidade

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado por Pablo González, do Colexio de Arquitectos Técnicos da Coruña, Javier Núñez, do de Lugo, Antonio Arias, de Pontevedra, e José Grandío, do Consello Galego de Accesibilidade, presentou este xoves un estudo de accesibilidade realizado nas instalacións públicas de Galicia. Arroxo explicou que se trata dunha iniciativa proposta polo Colexio de Arquitectos Técnicos e sinalou que “estamos orgullosos de que Lugo fose a primeira parada deste plan piloto”. A Tenencia de Alcaldía recibiu recentemente os resultados da análise de 22 edificios municipais, nos que se recollen as deficiencias detectadas e as posibles solucións, “moitas veces cuestións moi pequenas e facilmente realizables que nos permiten seguir mellorando a accesibilidade dos edificios públicos”, indicou Arroxo, quen

engadiu que “a accesibilidade é algo no que sempre hai que estar traballando; agora contamos cunha folla de ruta ben definida por onde podemos seguir avanzando”. O Consello Galego de Accesibilidade levou a cabo en Lugo a primeira experiencia deste tipo grazas á colaboración da Tenencia de Alcaldía, que facilitou o acceso do persoal técnico ás instalacións municipais para auditalas desde o punto de vista da accesibilidade. Cos datos recollidos, creouse un sistema de catalogación por etiquetas que permite clasificar os edificios segundo o seu grao de accesibilidade. Pablo González, técnico participante no estudo e usuario de cadeira de rodas, destacou que “Lugo é unha cidade bastante cómoda, que obviamente sempre ten puntos de mellora, pero levamos unha grata impresión polo momento”.

Ana Linares substitúe a Luis Abelleira á fronte de Cruz Vermella tras 35 anos

Ana Linares, ata agora vicepresidenta de Cruz Roja en Lugo, asumiu a presidencia da institución na provincia, substituíndo a Luis Abelleira, quen pecha unha etapa de 35 anos de compromiso e dedicación á entidade humanitaria. Durante máis de tres décadas, Luis Abelleira foi unha figura clave no impulso do voluntariado, no desenvolvemento de proxectos sociais e na consolidación de Cruz Roja como referente da acción humanitaria en toda a provincia. A súa xestión caracterizouse pola proximidade, a colaboración co tecido social lucense e o firme compromiso coas persoas máis vulnerables. Con Ana Linares á fronte, Cruz Roja en Lugo reforza a súa aposta pola continuidade e a renovación, mantendo os valores que distinguen á institución. Linares asume este novo reto coa intención de seguir fortalecendo a rede provincial, promover a participación do voluntariado e adaptar os proxectos ás novas realidades sociais.

PROXECTO GAMA

O selo STEP avala a innovación da planta de Altri para transformar a industria europea

A Comisión Europea sinala que GAMA contribúe aos obxectivos climáticos, industriais e tecnolóxicos da UE

A planta de fibras téxtiles de base celulósica que Altri proxecta en Palas de Rei deu un paso decisivo no seu desenvolvemento. A Axencia Executiva Europea de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente (CINEA) outorgou ao proxecto GAMA o selo STEP, unha distinción que confirma o seu carácter estratéxico para reforzar a competitividade industrial da Unión Europea e acelerar a transición verde.

O recoñecemento sitúa a futura fábrica como prioritaria para acceder a instrumentos financeiros e programas comunitarios, reservados a iniciativas capaces de impulsar a autonomía industrial, a innovación e a descarbonización en Europa.

A Comisión Europea valorou positivamente todos os aspectos analizados do proxecto GAMA, destacando especialmente o grao de innovación, cualificado como notable; a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), con sobres-

aínte, polo seu forte potencial de evitación de emisións; e o grao de madurez e eficiencia de custos cun notable, grazas a unha planificación técnica sólida e unha estratexia económica viable.

A análise subliña que a innovación proposta por GAMA é “sólida, crible e ben fundamentada”. A documentación técnica presentou un escenario de referencia e un escenario proxectado con factores de emisión considerados rigorosos, trazables e tecnicamente coherentes.

O informe europeo tamén resalta que a produción de fibra Lyocell, un material biodegradable e de baixo impacto ambiental, permitirá substituír un 77,5% de fibras sintéticas e un 22,5% de algodón, contribuíndo a reducir a dependencia de materiais altamente contaminantes ou intensivos en recursos naturais. En definitiva, a avaliación confirma que GAMA cumpre os estándares de excelencia da Comisión



Europea e contribúe de forma significativa aos obxectivos climáticos, industriais e tecnolóxicos da UE.

Para José Pina, CEO de Altri, a obtención do selo STEP “refrenda o que sempre defendemos: GAMA é un proxecto serio, rigoroso, sustentable e innovador, deseñado para responder á necesidade do sector téxtil de contar con fibras respectuosas co medio ambiente e totalmente biodegradables, en liña cos requirimentos da Unión Europea”.

O proxecto en cifras

O complexo industrial previsto por Altri suporá máis de 1.000 millóns de euros de investimento e aspira a converterse nunha referencia europea en produción de fibras sustentables.

Toda a produción procederá de madeira de eucalipto certificada, garantindo fibras 100% biodegradables e reciclables.

A fábrica necesita un cadro de persoal de 500 traballadores en distintos quendas, xa que estará en funcionamento as 24 horas, e, a isto, hai que sumar máis de 2.000 empregos indirectos.

A Comisión Europea destaca o grao de innovación, a redución de emisión de gases e o grao de eficiencia de custos



QUE É O SELO STEP?

O selo STEP (Strategic Technologies for Europe Platform) é unha etiqueta de calidade concedida pola Comisión Europea que identifica proxectos estratéxicos para a competitividade, a transición verde e a transformación dixital do continente, é dicir, recoñece os proxectos industriais que contribúen aos obxectivos estratéxicos da UE en materia industrial, tecnolóxica e medioambiental.

Así mesmo, facilítalles o acceso ás oportunidades de financiamento da UE e a atraer investimentos privados e públicos adicionais ou alternativos. O carácter moi competitivo das

convocatorias STEP e a rigorosa avaliación por parte da Comisión Europea e dos paneis de expertos independentes garanten que todos os proxectos por enriba dos limiares respectivos das convocatorias sexan de alta calidade.

STEP diríxese aos sectores das tecnoloxías dixitais e innovación tecnolóxica profunda (deep tech), as tecnoloxías limpas e eficientes no uso de recursos e as biotecnoloxías.

O proxecto GAMA enmárcase no segundo epígrafe, ao impulsar a produción industrial sustentable e a substitución de materias primas contaminantes no sector téxtil.

O bus urbano marca un récord de pasaxeiros con máis de 230.000 billetes

O bus urbano de Lugo continúa a bater marcas históricas e consolídase como o principal medio de transporte da veciñanza. Segundo informou o tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade, Rubén Arroxó, durante o mes de outubro rexistráronse 230.839 billetes expedidos, superando en 9.969 a mellor marca anterior, acadada no mesmo mes de 2024. Arroxó salientou que estes datos confirman “que o bus urbano é xa o medio de transporte principal da maior parte da veciñanza de Lugo”. Engadiu que, tras a recuperación da pandemia e a adaptación da poboación ao novo modelo de liñas, “o bus está a demostrar que é a mellor maneira de moverse pola cidade”. O bus urbano de Lugo é actualmente o máis barato de Galicia e o terceiro máis económico do Estado, cun prezo de 0,64 euros o billete ordinario, 0,45 euros usando a Tarxeta Cidadá e 0,31 euros no caso do transporte bonificado para persoas con mobilidade reducida, pensionistas, desempregadas ou estudantes. Ademais, as persoas usuarias da Tarxeta Cidadá dispoñen de transbordos gratuítos nos seus desprazamentos.

Reciben máis de 27.000 euros para a atención da infancia e da mocidade

Lugo contará cunha subvención do Ministerio de Derechos Sociais, Consumo y Agenda 2030 de máis de 27.000 euros para desenvolver durante o ano 2026 un programa centrado en iniciativas e proxectos que impulsen o dereito aos servizos sociais da infancia e da mocidade. A concelleira de Cohesión Social, Olga López Racamonde, participou no XXXII Congreso Anual da AEDYGSS (Asociación Estatal de Directoras y Gerentes de Servicios Sociales), que este ano abordou o dereito aos servizos sociais da infancia e adolescencia, no marco da Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia (LOPIVI), aprobada en xuño de 2021. A edil sinalou que o obxectivo é “por unha banda adquirir máis formación sobre as problemáticas ás que se enfrontan nenas, nenos e a mocidade, da man de expertos nestas materias, e por outra coñecer diferentes proxectos pilotos que se están a levar a cabo noutros concellos de España e que pode-

rían implantarse en Lugo”. López Racamonde explicou que tivo oportunidade de manter un encontro coa directora xeral de Diversidad Familiar y Servicios Sociales do Ministerio, Patricia Bezunarte, para tratar futuras iniciativas no municipio, tanto coa formación de profesionais como coa implantación de estratexias que permitan avanzar nas novas demandas da LOPIVI, reforzando a protección fronte a maltrato, violencia ou calquera conducta indebida. Durante o congreso analizouse a efectividade dos dereitos á infancia e á adolescencia, así como a actualización dos coñecementos e servizos para axudar a estes colectivos. Tamén se reflexionou sobre os cambios de paradigma introducidos pola LOPIVI, facendo fincapé na garantía de dereitos, na detección temperá, na coordinación entre sistemas e na actuación de equipos interdisciplinares máis aló do ámbito familiar, en calquera entorno, desde o fogar e o colexio ata a comunidade ou o ámbito dixital.



Nace Enogastronomía de Lugo, un club de reforzo ao turismo gastronómico

O Concello de Lugo acolleu a presentación do Club de Produto ‘Enogastronomía de Lugo’, unha actuación enmarcada no Plan de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) ‘...Et Edendo, Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía’, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España a través da Unión Europea – NextGenerationEU. O Club de Produto nace coa misión de impulsar a competitividade de Lugo como destino de turismo enogastronómico mediante o desenvolvemento dun produto diferenciado e con alto potencial de atracción de visitantes. O modelo baséase na calidade e na tradición culinaria da cida-

de, contribuíndo a desestacionalizar a actividade turística e aumentar o gasto medio por visitante. A través desta nova ferramenta, poranse en valor as Denominacións de Orixe, as Indicacións Xeográficas Protexidas, os produtos de Artesanía de Galicia e outros pratos locais que conforman a esencia culinaria de Lugo. Combinado co patrimonio histórico da cidade, o proxecto busca consolidar un destino de forte atractivo enogastronómico. Desde xullo elaborouse a documentación base do Club de Produto, incluíndo un Plan Estratéxico, un Plan de Acción e os Manuais de Produto cos requisitos que deberán cumprir todas as empresas adheridas.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Xuvenlugo regresa ao Pazo cunha proposta renovada de lecer familiar para o Nadal

Xuvenlugo volve este Nadal ao Pazo de Feiras e Congresos cun formato renovado e enfocado a ofrecer unha experiencia lúdica pensada para toda a familia. A partir do 5 de decembro, o recinto converterase nun auténtico mundo de diversión no que convivirán inchables, atraccións, xogos participativos e diferentes propostas. Ademais dos xogos e atraccións habituais, Xuvenlugo contará con servizo de cafetería e a posibilidade de celebrar festas de aniversario dentro das instalacións, unha opción que se consolida como unha das máis demandadas das últimas edicións. O prezo da entrada xeral será de 9 euros. Para grupos de 10 persoas establécese un bono especial de 80 euros, válido para un único día, pensado para familias numerosas, encontros de amigos ou visitas organizadas. O horario de apertura será de 16:30 a 20:30 horas. Xuvenlugo permanecerá aberto nos seguintes días do mes de decembro: do 5 ao 8, do 12 ao 14, do 19 ao 23 e do 26 ao 30. Xa no mes de xaneiro, a actividade continuará do día 1 ao día 4, coincidindo co tramo final das vacacións escolares.

EN BREVE



CONCENTRACIÓN. A CIG-Administración Pública convocou concentracións diante dos edificios da Xunta nas sete cidades galegas para denunciar o empobrecemento do persoal empregado público e o deterioro dos servizos públicos.



PUNTO VIOLETA. A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, presentou o novo Punto Violeta da UGT Lugo, un espazo seguro destinado a proporcionar información, acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia machista, así como a fomentar a sensibilización social e a prevención de condutas violentas e discriminatorias contra as mulleres.

“A boca é a porta de entrada á saúde e debemos coidala”

A especialista lucense defende un enfoque centrado na funcionalidade, no diagnóstico temperán e no seguimento continuo dos pacientes

Iria Figueiras, graduada en Odontoloxía e cun Máster en Ortodoncia e Ortopedia Dentofacial pola Universidade Complutense de Madrid, leva anos dedicada en exclusiva á súa especialidade. Desde o seu centro, Ortodoncia Figueiras, insiste en que “a ortodoncia vai moito máis alá da liña de dentes” e que o que realmente importa é a funcionalidade. Sempre repite que “a boca é a porta de entrada a unha mellor saúde: se podemos respirar, mastigar e falar ben, o resto do corpo funciona mellor”, e por iso a súa aposta é ofrecer en Lugo un servizo centrado no diagnóstico preciso e no seguimento continuo.

A profesional explica que o seu proxecto naceu da necesidade de contar na provincia cun centro especializado, exclusivo: non unha clínica dental convencional, senón un espazo onde a ortodoncia fose o eixo principal, no que o paciente reciba unha atención integral e pensada especificamente para resolver problemas funcionais, non só estéticos. Figueiras lembra a miúdo que a ortodoncia abrangue moito máis do que a maioría das persoas imaxinan. Describe a oclusión —a forma en que mordemos, mascamos ou falamos— como unha clave absoluta para o benestar: “A ortodoncia trata todo o que abarca a oclusión”, comenta, e engade que mellorar a mordida pode repercutir positivamente en aspectos tan diversos como a respiración, o sono ou mesmo a dixestión. Segundo explica, “non se trata só de aliñar os dentes”, senón de conseguir que o paciente “respire mellor, fale mellor, mastigue



mellor e poida mellorar así a súa calidade de vida”.

Un dos puntos nos que máis insiste é no diagnóstico na primeira infancia. Recalca que “non se trata dun tratamento precoz, senón dun diagnóstico precoz”, porque esa é a fase clave para identificar posibles problemas e evitalos antes de que deriven en complicacións maiores. Para ela, cada valoración temperá é “regalar saúde futura”.

En canto ás técnicas máis demandadas, Figueiras confirma que os aliñadores están moi de moda, pero advirte de que non todo vale para todos os casos. Asegura que “cada técnica é mellor para un problema ou

outro” e que o importante é partir dun diagnóstico sólido. Di que, se se sabe desde o primeiro momento cal é o problema e cales son os obxectivos, “pódese escoller mellor a técnica que usar”. Explica aos pacientes os límites e posibilidades de cada opción, pero subliña que “o máis importante é que o paciente entenda ben o que hai”.

Se hai un aspecto no que fai especial fincapé é no seguimento diario. Afirmar que “o seguimento é fundamental” e que poder ofrecer unha atención continua evita complicacións e retrasos. Considera prioritario que cada paciente saiba que pode acudir “no momento que sexa” se algo non

vai ben, e que non teña que esperar semanas cun bracket caído ou cun aliñador que non axusta. Defende o valor da continuidade e asegura que “a atención diaria e o seguimento sempre pola mesma persoa é moi importante: as mesmas mans e a mesma cabeza pensante”.

Figueiras recoñece tamén que cada vez hai máis adultos que se animan a comezar un tratamento de ortodoncia. Conta que moitos acoden porque notan problemas funcionais, outros porque perderon algunha peza e necesitan recuperar espazos, e outros, simplemente, porque buscan mellorar a estética. Lembra que “as técnicas avanzaron moitísimo nos últimos 30 anos” e que hoxe existen opcións moi discretas que facilitan a decisión.

A tecnoloxía é outra das aliadas fundamentais na súa práctica clínica. Detalla que o seu centro conta con, radiodiagnóstico 3D (CBCT) e convencional, escáner intraoral e fotografía intra e extraorais. Con estas ferramentas, asegura, pódese obter “un diagnóstico máis preciso” e ofrecer ao paciente unha explicación detallada, visual e comprensible do seu caso. Aínda así, lembra que “as ferramentas son fundamentais, pero sempre da man dun profesional experto”.

De cara á chegada do Nadal, época na que moitos tratamentos sofren “os desaxustes típicos das festas”, a especialista recomenda manter a constancia. Di que nesta época “tomamos máis azucre, máis doces e máis alimentos duros”, pero que a clave é manter a hixiene e avisar se algo se altera. Resume así o seu consello principal: “O importante é comunicarnos e ser conscientes da repercusión que esa perda de hábitos pode ter”.

Esa combinación de especialización, análise detallada e trato próximo define o espírito de Ortodoncia Figueiras, un centro que, en palabras da propia Iria, busca sempre “o tratamento máis ideal para cada paciente”.

A Deputación e a USC presentan a terceira edición de Ciencia á Feira

Presentouse a terceira edición de Ciencia á Feira, o proxecto de ciencia comunitaria impulsado polo grupo de innovación docente XuvenCiencia do Campus de Lugo. A iniciativa conta co apoio da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología, que financian esta nova entrega.

Nesta edición, a labor divulgativa concéntrase na produción dunha serie de materiais audiovisuais centrados nos ámbitos e proxectos de investigación máis avanzados que se desenvolven no Campus Terra da USC. O obxectivo é facilitar a súa difusión a través de webs educativas, asociacións comunitarias, espazos institucionais e redes sociais, ampliando así o alcance da ciencia que se fai en Lugo.

As temáticas abordadas nos vídeos inclúen cuestións de gran relevancia actual: as enfermidades transmitidas por carrachas, o impacto das velutinas, a xestión sustentable da auga, a resistencia a antibióticos, o valor cultural e social do monte comunal, as posibilidades dos mercados de carbono ou a función das micorizas e dos microenxertos na xestión forestal. A serie incorpora ademais unha acción específica orientada a promover as carreiras STEM entre nenas e adolescentes, fomentando vocacións científicas en idade temperá.

Os materiais, producidos por Martín Blanes, contan coa preparación e supervisión de persoal investigador e docente do Campus de Lugo da USC. A súa difusión estenderase ao longo do curso 2025/2026 mediante publicacións periódicas. O primeiro vídeo estreouse esta mesma tarde e xa se pode ver na canle de Youtube de XuvenCiencia.

HOTEL MÉNDEZ NÚÑEZ

Información: 687 37 29 30 y laterraza@hotelmendeznunez.com





Hotel Méndez Núñez
★★★★

RESERVE SU COMIDA O CENA DE NAVIDAD PARA NOVIEMBRE

(5% DE DESCUENTO)
(CONSULTE DISPONIBILIDAD)

Seleccionados 3 artistas para as primeiras residencias do Coliving do Carme

O Coliving do Carme de Lugo acollerá durante tres meses tres proxectos artísticos seleccionados entre 27 solicitudes, co obxectivo de fomentar a creatividade, a cultura e o emprendemento artístico na cidade. As intervencións permitirán combinar disciplinas como artesanía téxtil, pintura, danza e bordado.

Os proxectos elixidos son *Venera*, de Marta Cuba García (A Coruña), que une danza e bordado nunha instalación sobre telas; *Cancela Ferosista*, de Álvaro Corral Cid (Ourense), que propón unha cancela artística inspirada na tradición téxtil galega; e *Lluvia Templada*, de María Susinos Sancho (Cantabria), unha instalación pictórica sobre liño que recrea efectos de choiva.

O edil de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, sinalou que estas intervencións supoñerán “un valor engadido non só para o Coliving senón tamén para o Camiño Primitivo, o patrimonio rural e artesanal e a cultura da cidade”. O proxecto, financiado con fondos europeos, tamén ofrecerá aos artistas asesoramento en xestión de proxectos, aspectos xurídicos e fiscais, potenciando a profesionalización do sector creativo en Lugo.

Agora ábrese un prazo de dez días para presentar alegacións antes da ratificación definitiva das propostas seleccionadas.

A SECAL 2025 abre o prazo de inscrición e presenta as bases

A Asociación Lugo Monumental pon en marcha unha nova edición da Semana de Exaltación da Cultura e a Arte de Lugo (SECAL 2025), un evento que arrinca coa publicación das bases e dos formularios de inscrición para artistas e establecementos do casco histórico —tanto asociados como non asociados— interesados en participar na iniciativa.

Desenvolverase entre os días 5 e 14 de decembro e estará dedicada ao arquitecto Eloy Maquieira, autor dunha traxectoria que deixou unha pegada relevante na cidade de Lugo a pesar do seu falecemento temperán. A iniciativa continúa así a tradición de escoller un referente cultural para cada edición, tras centrarse en anos anteriores en figuras como Paco Pestana e Vázquez Cereijo, ou en institucións como a Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, homenaxeada en 2024.

Lugo prepárase para desfrutar dun Nadal cun completo programa de actividades

Lugo prepárase para o Nadal cunha primeira actividade da Deputación de Lugo para o xoves 4 de decembro, na que estarán os Bolechas a partir das 19:00 horas no Salón de Actos do Pazo de San Marcos. A actividade, aberta a todo o público, servirá para presentar o novo volume da coñecida serie infantil, titulado *Unha viaxe por Lugo. Unha provincia natural*. A partir das 19:30 horas, a Praza de San Marcos encherase de música co repertorio de panxoliñas interpretado polo Orfeón Lucense. A continuación, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, procederá ao acendido do alumeado de Nadal, tanto exterior como interior, acompañado polos propios Bolechas. A coral continuará coa interpretación de nadalíñas ata as 20:30 horas, amenizando a todas as persoas presentes na praza.

Este ano, a ornamentación da fachada de San Marcos volverá empregar iluminación LED de alta eficiencia e incorporará figuras dos Reis Magos, diversas estrelas, copos de neve e cortinas luminosas en disposición horizontal e vertical. Como novidade, colocaranse dous arcos de luz na entrada principal, xunto con outros elementos decorativos.

O Concello de Lugo ultima os preparativos para unha ampla programación de Nadal que arrancará o venres 5 de decembro co acendido das



luces festivas, entre as que destacará a gran árbore situada na Praza de España. A área de Cultura deseñou unha axenda que combina teatro, música, actividades infantís e tradicións para ofrecer unha proposta variada ao longo de todo o mes.

Dentro da programación teatral inclúense montaxes pensadas para o público familiar. O 15 e 16 de decembro, ás 12 horas, o Auditorio Fuxan os Ventos acollerá a obra *Cachopo Máxico. Luz de Nadal*, da compañía Lila Teatro. O día 26, en dúas funcións ás 17 horas e 18.30 horas, representarase *O Ninho da Cía Partículas Elementares*. O 27, tamén ás 17 horas e 18.30 horas, será a quenda de *Un trozo de pan* de Cía Les Pinyes; o 28, nas mesmas franxas horarias,

subirase a escena *Comenoites* de Náufagos Teatro; o 29, *Emociones de hojalata* de Mar Rojo Teatro; e o 30, *Lumiero* da compañía La Menu-da.

O 20 de decembro, a partir das 17 horas, o Mercado Municipal será o escenario da tradicional Benvida ao Apalpador. Ademais, os días 26, 27, 28, 29 e 30 celebrarase a cuarta edición de *Medrando no Nadal* no Auditorio Municipal Gustavo Freire, con dúas quendas ás 17 horas e 18.30 horas. Paralelamente, nesas mesmas datas —do 26 ao 30 de decembro— desenvolverase a actividade *Un Mar de Xogos*, unha instalación lúdica promovida por Bico de Toupá, que estará aberta de 16.00 horas a 18.30 horas.

A oferta cultural complétase coa presenza de agrupacións corais no Recinto Histórico entre o 15 de decembro e o 4 de xaneiro. Participarán Cantar Delas e a Coral Polifónica Xolda o día 15; Schola Gregoriana o 17; Schola Gregoriana, o Coro do Hospital de Lugo e o Xove Coro de Lugo o 18; a Coral Lucus Terra e Sólox Voces o 19; Sólox Voces e o Conxunto Vocal Lugh o 20; a Coral Cántigas e Frores o 21; Cantar Delas, a Coral Polifónica Xolda, a Coral Ecos do Miño (Astelu) e o Orfeón Xoán Montes o 22; a Asociación Músico Vocal Xeada, a Coral Lucus Terra e a Coral Cántigas e Frores o 23; o Coro do Hospital de Lugo, o Orfeón Lucense e o Orfeón Xoán Montes o 27; a Coral Ecos do Miño e o Orfeón Lucense o 29; a Asociación Músico Vocal Xeada e o Conxunto Vocal Lugh o 30; e o Coro Xuvenil de Lugo os días 3 e 4 de xaneiro.

Xa en xaneiro, a programación continuará o día 4 co Rancho e Ranchiño Xeitoso, que percorreren o Recinto Histórico en horario de 12 horas a 14 horas e de 17 horas a 19 horas. Esa mesma tarde, ás 20.30 horas, a Banda Filarmónica ofrecerá o tradicional Concerto de Aninovo no Auditorio Fuxan os Ventos.

O 5 de xaneiro de 2026 celebrarase a cabalgata de Reis, que partirá ás 18 horas do Parque da Milagrosa e chegará á Casa do Concello, na Praza Maior, ás 19.30 horas.

Preparan o busto de Moncho Reboiras, que irá preto do Vello Cárcere

O Concello de Lugo traballa na visibilización da figura de Moncho Reboiras coa creación dun busto que se colocará nas inmediacións do Vello Cárcere. A obra está a elaborarse no obradoiro de escultura e será parte das homenaxes que se realizarán por todo o país no ano no que se cumpre o 50 aniversario da morte de Reboiras, a última persoa asasinada polo franquismo en Galicia.

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, anunciou que Lugo se unirá a estas iniciativas, situando un busto que recorde a súa figura na cidade.

“Desde Lugo apoiamos esta iniciativa uníndonos a outras cidades, como Compostela ou Ferrol, que tamén colocarán un busto coa imaxe de Moncho Reboiras”, afirmou engadindo que outras vilas galegas tamén



participarán nesta homenaxe a unha persoa asasinada polos seus ideais. Arroxo destacou que con esta acción a Tenencia de Alcaldía promove a memoria histórica e lembra a Reboiras como unha figura simbólica na loita pola liberdade e os dereitos fundamentais.

Piden que Lugo sexa sede de docencia clínica do grao de Medicina

A Deputación de Lugo solicitará á Xunta de Galicia e á Universidade de Santiago de Compostela (USC) que Lugo se converta en sede de docencia clínica do grao de Medicina. Así se acordou no pleno ordinario de novembro, tras a aprobación dunha moción socialista cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PPdeG.

“Reclamamos que o proceso de descentralización teña en conta os recursos sanitarios e educativos da provincia, porque a realidade é que os futuros profesionais da medicina xa se están a formar en Lugo”, valorou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria. Engadiu que “antes de tomar decisións, debería ofrecerse

ampla información ás institucións, profesionais sanitarios, sindicatos, empresarios, colectivos sociais e á cidadanía de Lugo, porque teremos algo que dicir ao respecto”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, destacou na sesión plenaria a importancia do principio de equidade educativa para os residentes da provincia, resaltando que o Hospital Lucus Augusti (HULA) e o campus lucense contan con capacidade para formar aos estudantes de formación sanitaria.

O texto aprobado reclamará á USC que teña en conta a capacidade do HULA, dos seus profesionais sanitarios e do campus de Lugo para a formación de estudantes de grao de Medicina.



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

#activandolugo

A UNED de Lugo recibe un recoñecemento estatal pola súa innovación comunicativa

Carlos García, Brand Manager da institución e codirector do proxecto LugoNaturalMente afirma que “hai que apostar por unha comunicación máis humana, creativa e próxima”

A UNED de Lugo vén de ser distinguida co Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias, concedido polo Consello Social da UNED, pola iniciativa “A Comunicación: unha nova ponte cara a Lugo”, un proxecto que permitiu modernizar e transformar en profundidade a estratexia comunicativa do centro.

A proposta, dirixida polo Brand Manager da UNED de Lugo, Carlos García, representou un salto significativo na maneira de conectar tanto coa comunidade universitaria como coa cidadanía en xeral. Baixo a súa coordinación consolidouse un modelo comunicativo innovador, baseado na diversidade de formatos e na vocación de reforzar a identidade institucional.

Entre os avances máis salientables figura a campaña de matriculación “A Universidade Que UNE”, convertida nunha referencia que pon en valor o papel da educación pública e de calidade, así como a transmisión de cultura e principios entre xeracións. O labor tamén incluíu a coordinación de doce canles de comunicación, o incremento da comunidade dixital ata alcanzar os 20.000 seguidores nas redes sociais e a produción anual de 80 pezas audiovisuais que contribuíron a reforzar a presenza pública

do centro. Xunto a isto, desenvolveuse un videopodcast institucional que superou as 80.000 reproducións na súa primeira tempada, consolidándose como un formato divulgativo propio e de amplo alcance.

Este esforzo estratéxico tivo un reflexo directo na evolución do centro, que experimentou un aumento do 10% nas matriculacións, indicador dunha comunicación máis próxima, accesible e eficaz.

A directora da UNED de Lugo, Ana Traseira, expresou a súa satisfacción por este novo recoñecemento e puxo en valor a coherencia do proxecto, a súa contribución ao fortalecemento da identidade institucional e o seu papel para achegar o ensino superior ao conxunto da provincia de Lugo. O galardón destaca tamén o peso do liderado profesional na consolidación dunha comunicación universitaria de referencia.

Carlos García, Brand Manager da UNED de Lugo e codirector de LugoNaturalMente, presume do Galardón Nacional de Boas Prácticas Universitarias polo Consello Social da UNED co que se recoñeceu á UNED de Lugo.

Que significa para vostede e para o equipo da UNED de Lugo recibir este Galardón Nacional de Boas



Prácticas Universitarias?

É un recoñecemento emocionante e, ao mesmo tempo, unha grande responsabilidade. Este premio avala un traballo colectivo sustentado na coherencia, na planificación estratéxica e na convicción de que a comunicación é unha ferramenta esencial para achegar a universidade á sociedade. Para nós representa a confirmación de que apostar por unha comunicación máis humana, creativa e próxima produce resultados reais.

En que consistiu ‘A Comunicación: unha nova ponte cara a Lugo’?

Foi un proceso de transformación

integral da estratexia comunicativa da UNED de Lugo. Non nos centramos só nas canles, senón tamén na identidade, no relato e no propósito. O obxectivo era converter a comunicación nunha ponte viva entre a institución, o alumnado e a cidadanía, reforzando a marca UNED como referente educativo, cultural e social na provincia.

Un dos fitos máis destacados foi a campaña ‘A Universidade Que UNE’. Que representa este proxecto?

É a nosa “nena mimada”. É unha campaña que fala de unión, de valores e da transmisión cultural entre

xeracións. Inspirada en O Mundo de Onte de Stefan Zweig, busca poñer en valor a educación pública como motor de cohesión social. Conseguiamos construír unha mensaxe emocional que conecta co territorio e coa súa xente.

Que impacto tivo esta nova estratexia na comunidade universitaria?

Os datos son claros: un incremento do 10% na matrícula, unha comunidade dixital que supera os 20.000 seguidores, 12 canles coordinadas e máis de 80 pezas audiovisuais ao ano. Ademais, o noso videopodcast LCD, que superou as 80.000 reproducións na súa primeira tempada, consolidou unha posición de referencia para novas experiencias deste tipo na provincia.

Como valora o papel da comunicación na universidade actual?

A comunicación deixou de ser un complemento para converterse nunha auténtica columna vertebral. É a ferramenta que permite transmitir coñecemento, xerar confianza e fomentar o sentimento de pertenza. Nun contexto dixital e en constante cambio, a universidade debe ser clara, accesible e coherente coa súa misión social.

Que retos se marca a curto e medio prazo?

Queremos crear e seguir innovando, explorar novos formatos e continuar fortalecendo a conexión coa provincia de Lugo. Aspiramos a que a UNED de Lugo non sexa só un centro educativo, senón tamén un espazo de encontro, cultura e pensamento crítico. A comunicación debe seguir sendo ese fío invisible que une persoas, ideas e futuro.

O Caudal Fest regresa en 2026 con Lori Meyers

O Caudal Fest xa ten data para a súa oitava edición e volverá converter Lugo nun dos grandes epicentros musicais do final do verán galego. O festival celebrarase os días 18 e 19 de setembro de 2026 no Xardín do Pazo de Feiras e Congresos da cidade, manténdose fiel ao seu lema de ‘A Última Gran Festa do Verán’.

Os primeiros abonos saíron á venda o 21 de novembro, cunha tirada inicial de entradas promocionais. A venda realizouse a través da web oficial do festival e das plataformas habituais de venda de entradas.

O primeiro avance de cartel com-

bina algúns dos nomes máis recoñecidos do pop e do indie estatal con novas propostas da escena alternativa. Entre as bandas xa confirmadas figuran Lori Meyers, Siloé, La La Love You, Pignoise, Sanguijuelas del Gadiana, Sexy Zebras, Barry B, Besmaya, Anni B Sweet e Inazio, xunto con Taburete e outros artistas que se irán anunciando nas vindeiras semanas.

O recinto do Xardín do Pazo de Feiras e Congresos acollerá longas xornadas de concertos en horario de tarde e noite, cunha programación que roldará as dez horas diarias de música en directo.

O Museo Provincial estrea unha renovada sección de numismática

O Museo Provincial abriu ao público a súa sección de numismática e medallística completamente renovada, un espazo no que destaca a exhibición permanente do sestercio da caetra, unha moeda declarada BIC vinculada á orixe da cidade.

O vicepresidente da institución provincial, Efrén Castro, e a deputada de Cultura, Iria Castro, presidiron a inauguración dun ámbito que incorpora tamén outras seis moedas —dúas suevas e catro visigodas— ingresadas ese mesmo ano e que se converten en eixo dunha mostra estable composta por 677 bens, entre os que se con-

tan 551 moedas, un billete, 87 medallas e 38 elementos monetarios diversos, o que supón o 6,6% do total das coleccións numismáticas do museo.

A sala, situada na panda sur do claustro alto e cunha superficie de 70 m², foi deseñada seguindo parámetros de accesibilidade universal, protección preventiva e seguridade das pezas. A dirección científica do proxecto estivo a cargo da directora do Museo, Aurelia Balseiro García, xunto ao equipo do Departamento de Arqueoloxía e Historia do MPL, formado por Mª Ofelia Carnero Vázquez e Enrique Alcorta, recentemente

xubilado.

A proposta museográfica incorpora vitrinas renovadas, melloras na iluminación e na sinalética, así como pantallas interactivas nas que se proxectan representacións en 3D das moedas, configurando un discurso expositivo inmersivo que combina a precisión científica co propósito divulgativo e o atractivo estético do espazo.

Co obxectivo de adaptarse aos hábitos actuais do público e mantendo os criterios de accesibilidade, integrouse unha estación táctil que facilita a interacción coa colección e unha máquina expendedora de moedas.

FOLIADA DA FONSAGRADA

DECIMA EDICION
5,6 E 7 DE DECEMBRO

Coñecendo a historia dos humanos

Hugo Bal García destaca nun estudo realizado desde o ano 2020 nun xacemento de Becerreá que o rebezo era a base da dieta dos cazadores-recolectores na Serra dos Ancares hai 17.000 anos

Unha nova investigación no xacemento de Valdavara 1, en Becerreá, analiza as estratexias de subsistencia dos cazadores-recolectores que habitaron a Serra dos Ancares durante o final do Paleolítico superior, hai uns 17.000 anos, e destaca a relevancia do rebezo na súa dieta.

O estudo, liderado por Hugo Bal García do Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste-Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEPN-AAT) da USC e do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), foi publicado na revista internacional *Journal of Archaeological Science: Reports* co título 'Zooarchaeological study of the Magdalenian sequence of the Valdavara 1 site (Becerreá, Lugo, NW Iberia)'.

O traballo analiza máis de 2.000 restos fúnicos recuperados nos niveis 4-6 do xacemento, con antigüidade aproximada entre 18.720 e 16.680 anos. Nese período, tras o Último Máximo Glacial, varios grupos sucesivos de cazadores-recolectores, probablemente procedentes do Cantábrico e con tecnoloxía magdaleniense, elixiron a pequena cavidade de Becerreá como refuxio para actividades diarias como a preparación de ferramentas líticas, a realización de fogares e o consumo de animais, explica Bal.

O estudo permite coñecer a dieta cárnica destes grupos humanos, que se centraban en capturar presas da contorna inmediata, co rebezo como principal sustento. No xacemento de Valdavara, este animal representa máis do 40 % dos restos identificados, superando amplamente a outras especies como cervos, uros, cabalos, xabarís, lobos, raposos, osos pardos, mustélidos, coellos e lebres.



Ademais, non foron só os humanos os que contribuíron á formación do xacemento. O estudo identificou a intervención doutros tres axentes: lobos, raposos e osos, que empregaron a cova como cubil durante as épocas nas que ausentábanse os cazadores-recolectores, achegando presas e interactuando cos refugalllos humanos, como evidencian as superposicións de marcas de corte e mordeduras de pequenos carnívoros.

A investigación contou coa colaboración de Carlos Fernández Rodríguez (ULE), Manuel Vaquero (URV/IPHES), Elvira Susana Alonso Fernández (URV/IPHES) e Ramón Fábregas Valcarce (USC/CISPAC), enmárcase nun proxecto máis amplo sobre a ocupación das Serras Orientais de Galicia e recibiu financiamento do Ministerio de Ciencia e Innovación. As escavacións na cova de Valdavara realizáronse entre 2007 e 2013 co apoio do Concello de Becerreá.

HUGO BAL. Hugo Bal, graduado en Historia, e cun mestrado en Arqueoloxía, leva desde o ano 2020 estudando este xacemento como parte da súa tese, que tiña como obxectivo estudar a fauna de todos os xacementos galegos con rexistro do Pleistoceno Superior, que son tres: Valdavara, Cova Eirós, en Triacastela, e Cova da Valiña, en Castroverde. "No caso de Valdavara había traballos moi superficiais, moi plantexados desde unha óptica universitaria e non científica. Entón, considerámos incluílo", explica.

Di que a investigación sobre a fauna dos xacementos galegos do Pleistoceno Superior (entre 100.000 e 10.000 anos) sempre estivo "incompleta" e, no caso de Valdavara 1, "a investigación da parte faunística nunca se rematou de levar a cabo. Fíxose un intento de sacalo adiante cun traballo de fin de máster en Tarragona, pero non estaba publicado a nivel cien-

tífico e quedaba revisalo". Por iso, decidiu levar a cabo este traballo, que realmente comezou en 2024, xa que o material estaba en Tarragona. "Fixen unha estadía durante un mes, no que me pechei no laboratorio para estudar os máis de 2.000 restos que hai", comenta o investigador.

Pero a investigación non se limitou ao laboratorio. "Despois, fun ao xacemento para entender o contexto do que estaba estudando. O tipo de cova que hai inflúe moito no tipo de restos que se analizan. De feito, no estudo, unha das cousas que dicimos é que a fauna seguramente non a procesaban alí, senón fóra da cova, ou nunha das outras cavidades que hai na zona. Non chega máis de 6 metros", aclara.

Con respecto ao futuro, Hugo Bal quere seguir "sacando resultados", a pesar de ter a tese rematada e entregada. Así, di que seguirá investigando. O primeiro artigo que saquei de Valdavara céntrase no estudo os restos animais que hai e como foron explotados polos grupos humanos; e agora o meu proxecto a curto prazo é publicar un segundo artigo sobre a reconstrución paleoecolóxica; e tamén temos pendente sacar outro artigo máis centrado no conxunto industrial e artístico sobre restos animais, que hai ferramentas e colgantes recuperados no xacemento", sostén.

Ademais, fai fincapé en que tamén quere seguir investigando para poder publicar estudos sobre a Cova Eirós de Triacastela e "reivindicar A Valiña, porque desde os 2000 está moi descoñecida, e queremos reivindicar a súa importancia porque é un cubil de hienas en Castroverde e queremos seguir por esa liña", conclúe.

A Deputación e a USC presentan a terceira edición de Ciencia á Feira

Presentouse a terceira edición de Ciencia á Feira, o proxecto de ciencia comunitaria impulsado polo grupo de innovación docente XuvenCiencia do Campus de Lugo. A iniciativa conta co apoio da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología, que financian esta nova entrega.

Nesta edición, a labor divulgativa concéntrase na produción dunha serie de materiais audiovisuais centrados nos ámbitos e proxectos de investigación máis avanzados que se desenvolven no Campus Terra da USC. O obxectivo é facilitar a súa difusión a través de webs educativas, asociacións comunitarias, espazos institucionais e redes sociais, ampliando así o alcance da ciencia que se fai en Lugo.

As temáticas abordadas nos vídeos inclúen cuestións de gran relevancia actual: as enfermidades transmitidas por carrachas, o impacto das velutinas, a xestión sustentable da auga, a resistencia a antibióticos, o valor cultural e social do monte comunal, as posibilidades dos mercados de carbono ou a función das micorrizas e dos microenxertos na xestión forestal. A serie incorpora ademais unha acción específica orientada a promover as carreiras STEM entre nenas e adolescentes, fomentando vocacións científicas en idade temperá.

Os materiais, producidos por Martín Blanes, contan coa preparación e supervisión de persoal investigador e docente do Campus de Lugo da USC. A súa difusión estenderase ao longo do curso 2025/2026 mediante publicacións periódicas. O primeiro vídeo estreouse esta mesma tarde e xa se pode ver na canle de Youtube de XuvenCiencia.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

A Concellería de Cultura inviste case 200.000 euros en asociacións culturais e actividades

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, informou das subvencións concedidas no ano 2025 pola Tenencia de Alcaldía a distintas asociacións culturais e a actividades turísticas. Trátase de 17 axudas nominativas que, segundo explicou Ferreiro, permitirán “garantir unha parte importante da programación cultural de Lugo e a continuidade de asociacións”.

O Goberno destina un total de 181.400 euros a estas actividades, entre as que se inclúen eventos xa consolidados no calendario lucense como a Semana de Cine de Lugo, o Correlingua, o Festival de Jazz ou a gala Mestras e Mestres da Memoria. Ademais, Ferreiro destacou a importancia das accións de promoción turística, como o Concurso de Tapas ou a Semana Santa.

Entre as subvencións destacan 3.000 euros para a Fundación Rosalía de Castro, 3.000 euros para o Correlingua, 4.000 euros para a Sociedade Filarmónica Lucense e a Fundación Manuel María, 4.000 euros para a Federación de Librarías de Galiza, 6.000 euros para A Candeloria e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, 7.000 euros para a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, 10.000 euros para a Xunta de Confrarías, 15.000 euros para FACE-LA, 15.000 euros para a Asociación de Vello Alumnos Ramón Falcón, 15.000 euros para a Asociación Músico Crisanto, 16.000 euros para EnRedando Co Galego, 20.000 euros para APEHL e USC, 20.400 euros para o Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá e 28.000 euros para a Asociación de Amigos do Jazz Escobijazz.

“Cova Eirós é un espazo arqueolóxico impresionante”

Xosé González, realizador audiovisual e director do documental ‘O camiño de Cova Eirós’, pon en valor o proceso de investigación que se está a facer

Jessica Fernández

Como comezou no mundo audiovisual?

Eu gradueime en 2004 do ciclo de Realización Audiovisual na Coruña e durante uns anos traballei de montador en diferentes produtoras audiovisuais. Coa crise de 2010-2011 a industria estaba nun mal momento e matriculeime en Arquitectura Efímera, na escola Mestre Mateo, que tardei 6 anos en sacalo, porque afortunadamente seguí traballando cando me chamaban de diferentes produtoras. Nas prácticas do ciclo coñecín a Idoia Cuesta, que é creadora téxtil en Cela, Outeiro de Rei, e comecei a traballar con ela á vez que xa estaba montando o meu documental, que comecei a gravar no 2011, coincidindo con esa crise da que falaba.

Como xorde a idea de producir un documental sobre a Cova Eirós?

A idea do proxecto nace en 2010 cando pensamos en desenvolver un produto audiovisual que servira como serie de televisión sobre os puntos de interese xeolóxico de Galicia. Así, descubrimos a Cova Eirós, onde os arqueólogos levaban traballando desde o ano 2008, e vimos que era un xacemento moi importante porque se tiña documentado a ocupación da cova por parte dos neandertais. Coincidencias da vida, coincidín co arqueólogo, propúxenlle este proxecto, pareceulle interesante e puxémonos mans á obra coa elaboración da memoria, presentámolo ao equipo de arqueólogos da USC e gustoulles moito porque ademais o seu labor tamén ten unha parte de divulgación. Tivemos que



falar tamén con Votorantim, que teñen unha concesión sobre a caniteira onde se atopa a Cova Eirós, e deixáronnos gravar.

Foi un proceso de gravación e montaxe longo.

Comezamos a gravar no ano 2011 e fomos tamén no 2012, 2013, 2016, 2017 e 2018. É dicir, desde o ano 2011, fomos gravar de maneira intermitente. A idea foi ir nas campañas de arqueoloxía que se desenvolvían en agosto por parte dos arqueólogos e nós adaptabámonos a eles. En total, conseguimos gravar 130 horas de material, entre as que se atopaban tamén entrevistas, que despois decidín non incluír no documental Pareceume máis interesante enfocalo cara ao proceso de investigación dentro da cova en si mesmo, algo que nunca vira nun documental. Así, a montaxe foi un proceso moi difícil que nos levou varios anos.

Como é gravar nunha cova?

É incómodo. Pero non só por gravar

aí dentro, senón todo o camiño ata alí. Non é que sexa un camiño longo, pero é dificultoso porque Cancelo, a parroquia, está nun val, e para chegar á cova hai un camiño estreito ao lado dunha parede vertical á que tes que pegar porque do outro lado caes ao fondo do val se tropezas. Despois, é unha cova, nun espazo angosto, frío e húmido con moita xente, e metendo os equipos que levamos. Por iso lle demos tanta importancia no feito de estar alí en vivo e en directo mentres a xente traballaba. Ademais, vivimos achados mentres estivemos alí, como a aparición dun antigo lume de neandertais, o descubrimento de pinturas rupestres...

Todo este traballo e sen axudas, non?

Exacto, é un proxecto completamente independente. Só contamos coa axuda do Concello de Triacastela o primeiro ano, e para nós foi moi importante, porque axudaron cando facía falta, ao poñer en marcha

o proxecto, pero logo non volvemos ter ningún tipo de axuda ou subvención. Porén, para seguir adiante fixémoslo porque pensamos que era importante facelo. Os arqueólogos chegan, escavan, descubren algo ou non, e volven ao ano seguinte, con paciencia, con esmero. Intentamos reflexar iso de forma fiel aínda que non fose un proceso de produción audiovisual canónico e para iso houbera que arriscar apostando polo proxecto. Para min, esas son as cousas que lle dan valor ao filme.

Cales son as aprendizaxes máis relevantes durante a gravación?

Pois que fai falta moita constancia e fe inquebrantable nunha idea para mantela tanto tempo. E que o equipo é moi importante. No relativo a produción, o guiño, a rodaxe e a montaxe nun documental independente poden superpoñerse de forma moi creativa. E penso que é fundamental ensinar a montaxe, cerca da súa versión final, en determinado momento a persoas de confianza con criterio para obter opinións que axuden a melloralas. A experiencia foi moi enriquecedora tamén porque a min sempre me gustou a historia, e neste sentido foi unha aprendizaxe tremenda, son afortunado e doulle as grazas a todos os que participaron e fixeron posible o proxecto.

Que máis se pode ver no documental?

O arco temporal que recolle o documental vai desde o ano 1996 cunhas imaxes dun grupo de espeleólogos que entran na Cova Eirós ata o ano 2018. Tamén se poden ver aos veciños de Cancelo, en Triacastela.

Que vén agora?

Tivemos dous estreos do documental, unha en Cancelo, que a verdade é que foi moi ben e á xente do pobo encantoulle, e outra nos cines Códex de Lugo, que tamén valoramos positivamente. Agora, o 20 de decembro presentaremos o documental na Sala Númax de Santiago de Compostela e a intención é seguir levando o documental por toda Galicia.

O Consello Escolar analiza o inicio de curso e os avances nos comedores

A concelleira de Educación, Iria Buide, encabezou unha nova reunión do Consello Escolar Municipal, un espazo no que se integran todos os sectores sociais vinculados ao ámbito educativo e que funciona como foro de debate, reflexión e coordinación entre as diferentes partes implicadas. Buide subliñou que este órgano permite aliar iniciativas e compartir propostas para favorecer ao alumnado e á infancia e mocidade.

A edil informou sobre o desenvol-

vemento do curso nos comedores escolares, un servizo que –segundo recordou– corresponde á Xunta de Galicia, aínda que é o Concello quen o está asumindo. Nos primeiros meses do ano académico, a asistencia media diaria foi de 927 nenos e nenas nos comedores municipais, mentres que o servizo de madrugadores e madrugadoras contou con 378 usuarias e usuarios. Este último ampliouse este curso ao CEIP Nadelá, permitindo chegar xa a todos os centros públicos da cidade.

O Fuxan os Ventos e o MIHL acollen novos eventos este mes

A programación continúa este mes e inclúe o teatro multimedia *70AR* de MBow LTD (Hong Kong S.A.R.) coa participación de Fronte Vacuo no MIHL o 6 de decembro ás 18:30 horas e 20:30 horas; *El Barbero de Picasso* no Auditorio Fuxan os Ventos o 7 ás 20:30 horas; a actuación musical de Uxía Pedreira con *Basal* o 19 ás 20:30 horas na Sala Pequena; o circo de Reinventio o 27 ás 18:00 horas e 20:30 horas; e o espectáculo musical *Resoando no pasado* de Abraham Cupeiro o 28 de decembro ás 18:00 horas e 20:30 horas, completando unha oferta diversa para toda a veciñanza.

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

“As historias e os personaxes son reais case ao cento por cento”

O lugués Jordi Cicely vén de publicar ‘El verano que volvió Sherezade’, a segunda novela da trioloxía que ten prevista sobre diferentes trastornos

Fálenos do que atoparemos en El verano que volvió Sherezade.

A historia de Sherezade é unha historia de verán con recordos nostáxicos, iluminados con moita luz, e que nesta ocasión se transforman nunha segunda oportunidade de volver vivilos. Pero, como todo verán, tamén trae nubes grises; neste caso, o tema do TOC (Trastorno Obsesivo Compulsivo) que padece o protagonista, o meu alter ego, e que eu mesmo padecín durante moitos anos. Fala tamén de como as imaxes idealizadas do pasado nos xogan malas pasadas, como ocorre cos amigos e amigas que a vida foi separando e que, ao volver velos, descubres que xa non compartes nada.

Canto tempo lle levou escribila?

Levoume tres anos longos. Son un escritor que tarda moito en escribir; só o fago cando teño inspiración, como unha ansiedade creativa. Cando aparece, pónome a escribir, e logo, tras iniciar esa emoción, a cousa acompáñame durante un tempo e non paro. Despois volvo deixalo. Así escribo eu: por impulsos. Por esa razón tardo tanto. Ademais, os temas que trato son moi intensos, emocionais, e ás veces prodúceme bastante dor e non estou preparado para escribilos. Son unha persoa moi proteccionista, case enfermiza, aínda que isto conseguín atallalo coa terapia e agora non me esixo tanto. Ás veces tardo máis en cambiar, corrixir e decidirme a enviar o manuscrito á editorial que en escribilo.

Fálenos un pouco do que atoparemos nesta obra.

Intentei facer un conto de verán ao estilo da Nouvelle Vague francesa de Rohmer, inspirado en filmes como A coleccionista, Pauline na praia ou Conto de verán, e creo que o conseguín. Ademais, hai temas con tintes grises, como o TOC, as decepcións, a obsesión, a incerteza... Todo isto pasou pola miña cabeza nunha etapa da miña vida e quixen plasmarlo así. Logo tamén hai outras cousas máis

doces, como a luz, a paixón, a ilusión, os reencontros, o descubrimento dunha persoa. Esta historia é unha viaxe interior de alguén que estivo moi mal e que agora, por primeira vez, sae ao exterior a respirar esa brisa suave que sempre estivo aí pero que non podía sentir. É un retorno á vida que se escapou entre as mans por unha decepción sentimental e que, grazas á aparición dunha figura chamada Sherezade, agora pode comprobar como está.

Está ambientada en Friol? Por que esta localidade?

Sempre quixen facer unha historia do meu pobo. Ademais, a maior parte dos recordos dun verán no río, paseando en bicicleta, cos amigos e amigas de aquí para alá, están aí. Son imaxes daqueles doces anos noventa, onde a música invadía as nosas vidas de adolescentes e non había outra preocupación. Unha volta á inocencia en estado puro. Esta imaxe bonita e nostálica é o que é para min o meu pobo de Bedús (San Pedro de Vilalbite). Sherezade reúne todas estas emocións porque tamén é Friol. Pero cando se fala de sexo, paixón e festa, iso non ocorreu en Friol. Eramos moi aburridos, ás veces penso que demasiado para a idade que tiñamos. Esta parte máis adulta sácoa das miñas vivencias en Ribadeo, con outra pandilla máis interesante, que me aportaba máis en todos eses ámbitos. Logo as festas alí eran tremendas; creo que nunca poderei contar todo o que pasou nelas, o que vivimos... Teño que dicir que cos colegas de Friol mantengo amizade; o resto non me interesan para nada. Eu pasei a outro estilo de vida e quedáronse atrás. Pola contra, cos de Ribadeo é totalmente distinto: sempre me aportan algo novo, e iso agradézoo. Encántame estar con eles. Con eles perdín a inocencia.

A primeira novela publicada, Mariela envenena mis sueños, que teñen en común?

Mariela é unha historia escura, chea de intranquilidade, nerviosismo,

cunha ansiedade esaxerada; o protagonista non desfruta a vida que ten diante porque a dor pola marcha de Mariela é enorme. Pola contra, Sherezade é unha historia luminosa, tranquila por momentos, na que se presenta unha nova oportunidade diante do protagonista, a luz ao final do túnel. En ambas historias o parecido está nos distintos trastornos mentais que sofre o protagonista: nos dous libros arrastra un problema mental; no primeiro, a ansiedade, a hipocondría e o apego; no segundo, o TOC, e ten que loitar e convivir con el. Gústame que nas dúas novelas o fio de unión sexa a dor que deixou a marcha dunha parella; é un tema ideal para contar varios trastornos, en lugares distintos e con persoas diferentes, sen perder a conexión.

Onde se están vendendo e que aceptación teñen as dúas?

Está sendo tremendo. Podo contar que cando estaba a piques de saír publicada El verano que volvió Sherezade tiña medo porque Mariela envenena mis sueños fora un éxito tremendo en Galicia. Pero agora, co paso das semanas, creo que Mariela vai quedar pequena ao lado de Sherezade. Creo que isto acontece porque coa primeira novela abrín moitas portas e agora coa segunda había unha expectación que se confirmou tanto en críticas boas como en grandes vendas. É curioso porque agora se está volvendo vender Mariela envenena mis sueños, e creo que se conseguiu isto porque, aínda que non é unha continuación, si están conectadas.

De que se nutre para crear os personaxes e as historias?

Gústame esta pregunta. As miñas historias son reais case ao 100% e os personaxes que aparecen nelas tamén. Claro está que logo cambio os nomes para que non sexan recoñecidos; así facía Jack Kerouac, o meu gran ídolo literario, e así fago eu tamén. A xente que le tanto os meus relatos como as miñas novelas pensará que estou a esaxerar, pero pouco o fago, non me



fai falta. Tiven unha vida emocional moi intensa, creo que debido ao meu trastorno de ansiedade, que me foi levando por camiños cara a xente moi especial e, ás veces, rara, e que agora quero mostrar. Lamentablemente, cando estaba mal tiña relacións tóxicas. Agora a miña vida é moi tranquila en canto a emocións, era o que buscaba durante todo este tempo. Da vida de agora non tería nada que contar, e agradézoo. Sigo facendo cousas que me encantan: compro discos, vou a concertos, viaxo moito, escribo, fago deporte... Todo iso está aí.

Ten algún perfil autobiográfico?

Nas miñas novelas todos son perfís autobiográficos, mesmo os máis escuros e inquedaes. Lamentablemente, pola miña vida pasou xente así, que ao final conseguín derrotar. Houbo persoas que me deixaron, que se marcharon, e aínda que nun principio doeu, ao final saquei algo bo. Creo que non sabería escribir sobre alguén que non pasou pola miña vida. As persoas márcanme ou non para contar algo delas. Pero é curioso: sempre se quedan nesas follas, de aí non saen. Realmente teño moita sorte de ser un escritor realista emocional e saber diferenciar o que quero que estea na miña vida e o que non. E cando digo isto refírome a perfís como Mariela, Sherezade ou a protagonista do meu relato Me fui.

Aínda que tardou en publicar, leva toda a súa vida dedicado ás historias. Como é isto?

Apareceu no momento no que tiña que aparecer. Sempre dixen que son escritor porque fun vivir a Londres, e o aeroporto de Gatwick, onde traballaba, foi o punto de inflexión máis grande que padecín. Estaba no lugar

no que quería estar, onde sempre quixera, que era a capital británica. Foi o momento emocional máis grande da miña vida. Tiña que ser aí onde comezase todo, e así ocorreu. Aínda que comecei a escribir coa miña primeira crise de ansiedade, con 27 anos, foi anos máis tarde cando decidín facer da escritura unha parte importante da miña vida: sacar a fóra todas esas cousas que me fixeran dano e que moitas veces tiña escritas e gardadas nun caixón. Sentía que o proceso da escritura como terapia necesitaba mostrarse e, quen sabe, tal vez podía axudar a alguén. Tamén axudou que comecei a gañar varios certames literarios cos meus relatos, a ter moita repercusión en internet, e iso animoume a seguir escribindo e expresándome. Era unha catarse emocional.

Xa hai na cabeza unha terceira historia?

Cando comecei, quixen que fosen tres libros con tres trastornos mentais e que as protagonistas fosen tres rapazas distintas en lugares diferentes, pero todas co nexo común da marcha de Mariela. Creo que a que falta será a mellor de todas en canto a emocións e, sen dúbida, a que máis me impacienta comezar agora que as dúas anteriores foron un gran éxito literario. Realmente téñoa moi pensada e iso anímame moito a comezala.

Como escritor, como se definiría?

Sempre quixen ser un escritor cunha gran influencia da Beat Generation, con historias reais, espidas e directas, contadas da mesma maneira que facía Jack Kerouac. Así que me defino como un escritor de historias intensas, e así quero que se me recorde sempre.

DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS

A Deputación rematou as obras de mellora na LU-P-2104 que une Portadornas con Lameiro, en Friol

Os traballos contaron cun investimento da institución provincial de case 63.000€.

A Deputación de Lugo rematou os traballos para a rehabilitación do firme dun tramo da LU-P-2104, que vai desde Portadornas ata Lameiro, por Xiá, no concello de Friol. Esta actuación afecta a un treito de case 3 quilómetros, concretamente no tramo que vai desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6. Ademais, neste proxecto tamén se incluíu o acondicionamento do ramal.

Trátase dun importante proxecto para os veciños e veciñas da zona, pois é a estrada que vertebra a parroquia de Xiá. As obras, que realizou a empresa Cholo SL, consistiron na apertura de cunetas, na reparación dos danos e na repavimentación do firme. Con estes traballos reducirase o risco de accidentes e mellorase a seguridade viaria, a comodidade e os desprazamentos da veciñanza.

CONSTRUCCIONES CHOLO

ISO 9001
ISO 14001
ISO 45001

ORGANIZACIÓN CERTIFICADA
CERTIFICADO Nº. 338116
CERTIFICADO Nº. 338116
CERTIFICADO Nº. 338116

CHOLO, S.L. Os Freires - Mourence 1, 27800 VILALBA (LUGO)

Tel: 982 510 611 / Móvil: 639 305 633

cholosl@cholosl.com / www.cholosl.com

Xoán Fórneas lanza o seu primeiro single, ‘Ferido’

O actor e músico lucense Xoán Fórneas anunciou o lanzamento de *Ferido*, o seu primeiro single, que verá a luz o venres 28 de novembro en todas as plataformas dixitais.

A canción marca o inicio dun proxecto que mestura música contemporánea en galego, rito e un toque camp, transformando a ferida emocional nun espazo luminoso, irreverente e vital. O tema naceu dun período de cambios afectivos e reflicte o tránsito que vai da vulnerabilidade á celebración.

O videoclip, rodado íntegramente na provincia de Lugo, leva a canción a un ritual colectivo no monte, no que un grupo de figuras enmascaradas espera polo artista para iniciar un acto simbólico de transformación que culmina en baile. A

peza amplifica o universo visual do proxecto, teatral, emocional e conectado coa terra.

O proxecto artístico de O Xoán xorde tras unha etapa persoal que o levou a regresar ao rural lucense, ao lugar e ás persoas que o formaron. Este reencontro permitiulle recuperar parte de si mesmo que quedara en segundo plano durante os anos en Madrid e retomar a música como medio natural de expresión. Desde ese contexto, constrúe unha proposta íntima e comunitaria: música que nace da experiencia persoal pero que cobra sentido cando se comparte.

Xoán Fórneas (Lugo, 1993) é coñecido polo seu papel de Quique na serie *Respira* (Netflix) e por protagonizar *Antes de Nós*, o filme sobre a vida de Castela.

ANPE Lugo estrea na cidade a súa primeira sede na provincia

ANPE Lugo celebrou os días 17 e 18 de outubro a vixésimo oitava edición das súas Xornadas do Ensino, un encontro xa asentado no calendario educativo galego que volveu reunir a profesorado de distintos niveis para reflexionar sobre metodoloxías creativas, emoción e novas maneiras de ensinar baixo o lema “Por un ensino diferente”. Durante as dúas xornadas, diversos especialistas achegaron as súas visións sobre como transformar a aula a través da experiencia e da innovación.

O primeiro relator foi o mestre e experto en metodoloxías activas Ginés Vázquez Seijas, quen abriu o programa coa intervención *Avións de papel*. Seguidamente, José Iglesias Fernández expuxo o *Proxecto de innovación Fórmula Sim*, unha proposta que combina tecnoloxía, traballo cooperativo e aprendizaxe práctica aplicada á realidade educativa.

Xa o día 18, a orientadora e psicóloga Beatriz Blanco Busto compartiu o seu obradoiro “Aula senso-emocional. Un paseo polos sentidos”, un achegamento á educación desde a percepción e as emocións. A continuación, o presidente nacional, Francisco Venzalá González, realizou unha análise sobre a situación actual do sistema educativo e os retos que ten por diante. O músico e musicólogo Abraham Cupeiro López puxo o broche final cunha viaxe sonora pola historia da humanidade titulada “A odisea de Abraham Cupeiro: do Paleolítico á modernidade, pasando por Hollywood”.

Coincidindo coa celebración destas



xornadas, o día 18, ANPE Lugo inaugurou a súa primeira sede en propiedade na provincia, un local de arredor de 150 metros cadrados, amplo, accesible e moi luminoso, situado a pé de rúa. O espazo conta con zonas de atención personalizada ao profesorado, unha sala de reunións e mesmo unha aula destinada á formación, consolidando así o compromiso do sindicato coa defensa dos dereitos docentes e coa mellora da educación pública.

O acto de apertura contou coa presenza do presidente nacional, Francisco José Venzalá González, dos secretarios estatais de Organización e Formación, do presidente autonómico, de representantes provinciais de ANPE Galicia e de antigos presidentes da organización en Lugo. En representación da Xunta asistiu a directora territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP en Lugo, Sagrario Sánchez Ramil, quen agradeceu a invitación e desta-

cou a importancia de que o profesorado dispoña dun espazo moderno e funcional. Pola súa parte, a tenente de alcalde do Concello de Lugo, Olga López Racamonde, transmitiu a preocupación da presidenta provincial, Mercedes Martínez Reija, pola saúde cardíaca dos docentes e lembrou a solicitude trasladada ao alcalde para instalar desfibriladores nos centros educativos, unha proposta que —asegurou— o executivo municipal está estudando con interese.

Durante a súa intervención, Mercedes Martínez fixo un breve percorrido pola traxectoria do sindicato na provincia e reivindicou que esta nova sede é o resultado do esforzo conxunto, subliñando que cada afiliado ten nela unha pequena parte. Para pechar o acto, o presidente nacional realizou unha breve intervención antes de descubrir unha placa conmemorativa que permanecerá como recordo para todos os docentes que integran ANPE.

María Quiroga gaña o Illa Nova de Narrativa 2025

A lucense María Quiroga fíxose co Premio Illa Nova de Narrativa 2025 coa súa primeira novela, *Perder o norte*, unha obra que combina sensibilidade e introspección nun percorrido por territorios físicos e emocionais.

A novela aborda a perda dunha persoa querida, os recordos que se repiten na memoria, as palabras que nunca se chegan a dicir e a culpa que

xorde sen remedio. Unha viaxe en bicicleta convértese nunha metáfora da busca de sentido, un tempo para reflexionar, reencontrarse e compartir experiencias con outras persoas que tamén percorren o Camiño coas súas propias cargas emocionais.

Residente en Suíza, María Quiroga escribe desde nena e formouse en Neurociencias en Edimburgo e en Medicina en Madrid.

Os Dumbphóns

O PUPITRE



Julio Díaz

falar con descoñecidos, atopándonos tamén que unha cuarta parte deles recibiu mensaxes de tipo sexual e case un de cada dez “presións” para enviar imaxes ou vídeos eróticos ou sexuais e recoñecendo tamén nun 5,7% destes menores de 16 anos que recibiron proposicións sexuais por parte de adultos.

Na nosa comunidade, no ano 2024, publicouse o protocolo para o uso dos móbiles e outros dispositivos electrónicos no que se recollía o seguinte: “Os alumnos dos centros educativos galegos non poderán usar o teléfono nos mesmos, durante a totalidade da xornada escolar; o que inclúe as entradas e as saídas, o tempo de recreo, o comedor escolar e os períodos dedicados ás actividades extraescolares e complementarias”.

Ven todo isto a colación xa que o

uso do móbil por parte dos máis pequenos, nestes últimos tempos, estase a pór en entredito, especialmente no ámbito educativo, pero cada vez máis fora del. Pero que pasaría se fósemos un paso máis aló e non tivesen acceso en ningún momento do día?. A experiencia nun centro educativo inglés ten a resposta, trátase do colexio The Stanway School, situado en Colchester, que experimentou cos seus rapaces un total de “21 días sen smartphones”. Participaron nenos de 12 e 13 anos de idade que pecharon os seus móbiles nunha furna de cristal durante tres semanas. Os Psicólogos da Universidade de York puideron comprobar de primeira man os efectos que a non utilización dos móbiles ten nos rapaces comprobando, que os resultados do

experimento foron moi positivos: melloras importantes na calidade do soño dos rapaces, impacto moi positivo no seu estado de ánimo, aumento de máis dun 3% na capacidade de memorizar as cousas... entre outros.

Vista a evidencia de que os smartphones e as redes sociais teñen impacto na saúde emocional, física e social é aí onde xurde o crecente interese polos dumbphones ou “teléfonos tontos”, imos ao clásico NOKIA que fai 20 anos só permitía recibir e facer chamadas. Non basta cun smartphone sen datos, é aquí onde entran en xogo estes dumbphones como os primeiros dispositivos dos nosos rapaces para que se familiaricen co uso do teléfono, coa responsabilidade que implica levalo cando van facer algún recado ou ao saír do instituto.

Isto todo non o propón un “carca”, é unha recomendación da Sociedade Española de Pediatría que advirte dos efectos negativos que provocan o excesivo uso de pantallas en determinadas etapas da nosa vida, concretando que é recomendable retrasar o primeiro móbil con internet ata os 16 anos. Estou convencido que moitos rapaces de curta idade teñen pedido un smartphone de regalo para datas sinaladas que se aveciñan, e que nestes intres estanse seguro a acordar dalgún familiar meu recomendándome o tratamento de outros temas menos perniciosos e prexudiciais para os seus intereses, como poderían ser “manter a boca pechada en datas sinaladas”, “as auroras boreais” ou “como facer un bo caldo galego” en tempos de tanta friaxe.

Fai uns días viu a luz un estudo do impacto da tecnoloxía na infancia e na adolescencia, resultado de consultar a case 100.000 rapaces de 10 a 20 anos. O estudo constata que nada menos que o 41,2 % déitanse a diario co móbil e case a metade o utiliza ata altas horas da madrugada.

A inmersión dos adolescentes nas redes sociais é “masiva”, xa en 5º e 6º de Primaria teñen presenza nalgũa rede e ao redor do 5,7% podería ter desenvolvido un patrón de uso problemático, e un de cada 10 rapaces participa en retos virais, afirmando un 58,4% que chegou a

DEPUTACIÓN E CAMPUS DE LUGO

Aliados estratéxicos no desenvolvemento do futuro do Ensino na provincia de Lugo

“Apostamos por un Campus arraigado á terra, conectado coa realidade e innovador, que ofrezca oportunidades á mocidade e impulse o desenvolvemento sostible do rural”, subliñou Tomé Roca

A Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso co ensino superior público e coa excelencia académica do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), consolidándose como un aliado estratéxico clave para o desenvolvemento económico, social e tecnolóxico da provincia. Grazas á achega anual de 370.500€, a institución provincial contribúe ao reforzo de centros de investigación, á innovación docente e á formación práctica do alumnado, mantendo o Campus á vangarda da investigación aplicada e das tecnoloxías emerxentes.

“Apostamos por un Campus arraigado á terra, conectado coa realidade e á vez punteiro e innovador. Un Campus que ofrezca oportunidades reais á mocidade e que contribúa ao desenvolvemento sostible do rural galego”, destacou o Presidente da Deputación, José Tomé Roca.

Compromiso coa investigación

A colaboración da Deputación contribúe de maneira directa á consolidación do Campus de Lugo como un polo de coñecemento e innovación, centrado na investigación aplicada e vinculada aos sectores estratéxicos da provincia.

Esta aposta materialízase en proxectos como a instalación da gaiola de drons, unha infraestructura pioneira que permite ao alumnado realizar prácticas de voo e control de sistemas aéreos non tripulados, con aplicacións directas en ámbitos tan relevantes como a agricultura de precisión, a xestión forestal ou a prevención de incendios. Ademais, a Granxa Experimental de Leite da finca Gayoso Castro ofrece formación práctica en contornas produtivas reais, combinando investigación, innovación e contacto coa realidade produtiva para mellorar a aprendizaxe e a empregabilidade do estudiantado.

Crecemento e visión de futuro

A colaboración entre a Deputación e a USC non só impulsa proxectos de innovación, senón que tamén contribúe á planificación estratéxica de futuro do Campus. A institución provincial facilitou a cesión de terreos para a nova Facultade de Formación do Profesorado, unha actuación clave para ampliar espazos, mellorar infraestruturas e dar resposta á demanda crecente de estudantes. Esta visión compartida permite que Lugo conte cun campus moderno, competitivo e preparado para seguir medrando.



Un campus que xera oportunidades

A colaboración evidencia un modelo de cooperación institucional que funciona e que produce resultados visibles: estudantes con formación máis completa, investigación ao servizo do territorio e un campus que medra e se proxecta ao futuro. A Deputación de Lugo aposta así por unha universidade pública forte, útil e comprometida coa provincia, convertendo a educación superior nunha das mellores ferramentas para garantir un futuro sostible e competitivo para Lugo e o seu rural.



OPORTUNIDADES

A colaboración evidencia un modelo de cooperación institucional que funciona e que produce resultados visibles: estudantes con formación máis completa, investigación ao servizo do territorio e un campus que medra e se proxecta ao futuro.

A Deputación de Lugo aposta así por unha universidade pública forte, útil e comprometida coa provincia, convertendo a educación superior nunha das mellores ferramentas para garantir un futuro sostible e competitivo para Lugo e o seu rural.



AO NOSO CARÓN

Continúa o proceso de concentración parcelaria tras o aval do comité técnico

O Comité Técnico Asesor de Reestruturación Parcelaria da provincia de Lugo deu o seu visto bo aos procesos que se desenvolven nas parroquias de San Fiz de Paz, no concello de Outeiro de Rei, así como en Viladonga, en Castro de Rei, e en Riomol, pertencente a Castroverde.

Arias subliñou que con este paso a Administración autonómica completa un trámite esencial previo á aprobación das bases de reestruturación parcelaria en cada unha das zonas. No comité participan representantes de diferentes departamentos da Xunta, así como da Administración do Estado, das entidades locais e das organizacións profesionais agrarias, entre outros organismos.

A reestruturación parcelaria de San Fiz de Paz abranguerá máis de 1.120 hectáreas, mentres que a área de Viladonga incluírá 577 hectáreas e a de Riomol sumará 523. O delegado territorial destacou que reorganizar a propiedade permitirá un uso máis eficiente, agrícola e forestal.

Contratadas as obras de renovación do firme en tres vías da comarca

O Consello da Xunta acaba de darlle luz verde á contratación por máis de 10,6M€ as obras de renovación do firme en 19 estradas de titularidade autonómica ao seu paso por 30 concellos das catro provincias.

Os traballos consistirán na rehabilitación superficial do firme destas estradas, con distintas actuacións, restaurando as características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade.

No que corresponde á de Lugo, as actuacións de reforzo do firme centraranse nas estradas LU-021, LU-115 e LU-541, nos seus percorridos polos municipios de Lugo, Vilalba, Castro de Rei, Begonte e Outeiro de Rei. Neste caso, o contrato licitarase por un investimento de 2.673.385 euros e disporán dun prazo de execución de seis meses.

En concreto, en todas as intervencións obxecto de contratación inclúese a rehabilitación superficial do firme destas estradas, con actuacións que incorporan a restauración ou mellora das características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade segundo a tipoloxía e necesidades de cada unha delas.

Así, as obras incluírán a reparación de zonas de firme danado mediante fresados localizados e reposición dunha capa de firme; selado de fisuras lineais con mestura bituminosa, renovación e homoxeneización da rodadura.

A maiores, segundo as necesidades das distintas vías autonómica, defínense unha serie de actuacións complementarias necesarias para a correcta execución dos traballos, como é a reposición de marcas viarias.



Avanza a revalidación do convenio de transporte metropolitano

A comisión encargada do convenio de transporte metropolitano da área de Lugo, que abrangue os concellos de Friol, Guntín, Outeiro de Rei, Castro de Rei, Rábade, Castroverde, O Corgo e Baleira, celebrou unha nova xuntanza presidida pola delegada da Xunta de Mobilidade en Lugo.

Durante o encontro avanzáronse as negociacións para a renovación do convenio, que ten como obxectivo

garantir tarifas accesibles e manter unha conexión eficiente en transporte público entre a cidade de Lugo e os nove concellos que integran a área metropolitana.

Ademais, este sistema facilita o acceso de varias parroquias que non están cubertas polo transporte urbano municipal, ampliando así a mobilidade e a integración territorial da comarca.


portomarín

A Deputación licita a rehabilitación da estrada a Taboada

A Deputación vén de licitar as obras de rehabilitación do firme da estrada LU-P-4905, que conecta Portomarín e Taboada, nun treito de algo máis de 10,65 quilómetros ao seu paso por Portomarín. O orzamento de licitación ascende a 259.129,39 euros e o prazo previsto para a execución dos traballos é de tres meses.

A voceira socialista, Pilar García Porto, explicou que a intervención abranguerá todo o tramo da vía no termo municipal de Portomarín, desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 10,625. As actuacións incluírán a reapertura de cunetas, o saneo da explanada e a posterior pavimentación do firme.

García Porto lembrou ademais que a Deputación está a executar actualmente as obras de mellora do segundo tramo da mesma estrada ao seu paso por Taboada, comprendido entre os puntos quilométricos 10,65 e 24,631, cun investimento adicional de 200.000 euros. Unha vez completado este novo proxecto, destacou, a LU-P-4905 quedará renovada na súa totalidade, mellorando a seguridade e a comodidade da circulación.



Portomarín dedica a Marcos Arias Rodríguez o campo de Chao da Poza

A tarde de onte, domingo 23 de novembro, foi histórica para o Concello de Portomarín, que nomeou ao campo de fútbol municipal Chao da Poza como Marcos Arias Rodríguez en homenaxe a todas as labores e achegas realizadas por esta figura ao club de fútbol local.

A decisión da corporación municipal foi aprobada por unanimidade, recoñecendo así a importancia do traballo de Marcos Arias Rodríguez e o seu compromiso coa promoción e desenvolvemento do deporte na vila.

Este acto supón un xesto simbólico e emotivo que consolida a súa pegada na historia deportiva do municipio.

Nado na parroquia de Gonzar, Marcos Arias Rodríguez non era só unha figura destacada no deporte local, senón tamén un referente político en Portomarín. Era portavoz do PSOE no Concello, concelleiro desde os 19 anos, e en 2023 foi elixido para encabezar a lista municipal. A súa morte, aos 41 anos, tras unha enfermidade repentina, causou gran impacto na comunidade.

O PSdeG denuncia uns servizos “precarios e impropios do século XXI”

O PSdeG-PSOE criticou a suba xeneralizada das taxas da auga, do lixo e das terrazas. A agrupación socialista cualifica a medida de “inxusta e irresponsable”, ao entender que se aplican incrementos “sen acometer ningunha mellora” en servizos que, segundo afirman, seguen a ser “precarios e impropios do século XXI”.

O voceiro socialista, Sergio Vázquez, subliñou que o grupo non se opón á necesaria actualización das tarifas, pero considera inaceptable que se leve a cabo mentres persisten graves carencias, especialmente no servizo de abastecemento de auga. “Non hai auga potable a maior parte do ano, e o Concello leva dous anos prometendo solucións que nunca chegan”, advertiu.

O PSdeG sostén que o executivo local “pretende agora compensar anos de inacción cargando o custo sobre a cidadanía”, e insiste en que

a situación da auga en Portomarín é “un problema histórico que o PP se nega a afrontar”.

En relación ao lixo, a formación socialista tamén denuncia “un incremento desmesurado e sen melloras reais”. Consideran que a medida é “inxusta e desproporcionada”, especialmente para os establecementos hostaleiros, que poderían chegar a pagar ata 2.000 euros anuais malia abrir só medio ano. “Recollen o lixo cando lles caddra, os contedores están a rebentar e non hai ningún control do servizo”, criticou o voceiro.

Tamén cuestionan a nova ordenanza de terrazas, que, segundo o PSdeG, duplica as taxas e impón condicións “irreais e inaplicables” aos negocios locais. “Advertímolo no pleno: o alcalde aprobou unha norma imposible de cumprir e que non se adapta á realidade de Portomarín. É unha falta de seriedade absoluta”, censuran.

Luz verde para urbanizar a zona norte de Castro Ribeiras de Lea

A Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ambiental ao plan parcial do sector de solo urbanizable SUB/D-2, en Castro de Ribeiras de Lea, no Concello de Castro de Rei, onde se prevé un desenvolvemento residencial de vivendas unifamiliares e agrupadas. O informe ambiental estratéxico emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que sae publicado hoxe no Diario Oficial de Galicia, establece que non son previsibles efectos adversos significativos derivados do proxecto sempre que se cumpra cos condicionantes incluídos no documento co fin de garantir o mellor servizo de abastecemento e saneamento así como favorecer unha axeitada integración paisaxística do proxecto. Neste sentido, o informe foi elaborado no marco do procedemento

de avaliación ambiental estratéxica simplificada desta iniciativa, un trámite no que a documentación presentada polo promotor foi sometida a consulta dos organismos públicos interesados e tanto o borrador como o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web da Consellería para que o público en xeral puidese consultalos e facer as observacións ou suxestións que considerase oportunas. Unha vez emitido o informe ambiental estratéxico, remítese ao promotor -León XIII de Lugo, SCG- e ao órgano substantivo -Concello de Castro de Rei- xunto cos informes recibidos na fase de consultas previas e faise público mediante publicación tanto no DOG como na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O ámbito de actuación é un espazo de máis de 11,2 hectáreas de extensión situado no extremo noroeste da vila de Castro de Ribeiras de Lea, que está rodeado por espazos dotacionais de diversa natureza, como pistas deportivas, residencia de maiores e centros educativos, entre outras. A maiores, no bordo oeste limita cunha zona húmida formada por charcas rodeadas por unha masa de bosque húmido. O proxecto prevé un desenvolvemento residencial articulado en sete ámbitos de vivenda unifamiliar illada ou pareada na zona central, un ámbito de vivenda unifamiliar acaroada no oeste e catro ámbitos de vivenda agrupada no bordo leste. A altura máxima da edificación será de baixo e un piso para a vivenda unifamiliar e baixo e dous pisos para a agrupada.



O alcalde reúnese con López Campos para falar de futuras colaboracións

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, mantivo unha xuntanza co alcalde do concello lucense de Castro de Rei, Francisco Balado, para explorar vías de colaboración nas materias do seu departamento. Deste xeito, o encontro do representante da Xunta co rexedor permitiu afondar máis polo miúdo e de primeira man nos proxectos e

as necesidades actuais do municipio nas áreas da súa competencia. Nesta liña, abordaron cuestións vencelladas con propostas de dinamización e programación cultural, coa conservación e posta en valor do patrimonio, con accións para o impulso da lingua galega e tamén sobre aquelas actuacións dirixidas especificamente á mocidade deste municipio.

Organizan o primeiro concurso de escaparates de Nadal

O Concello vén de anunciar a convocatoria do seu primeiro Concurso de Escaparates de Nadal, unha iniciativa impulsada pola Concellería de Infraestruturas e Comercio coa que se busca fomentar o ambiente festivo e dar maior visibilidade ao tecido comercial do municipio. O certame está aberto a todos os establecementos de Castro de Rei e pretende que as rúas luzan unha decoración especial durante as festas.

Os comercios interesados en participar poderán inscribirse ata o 15 de decembro, enviando a folla de inscrición cuberta e unha fotografía do escaparate ao correo electrónico municipal. As imaxes recibidas serán difundidas a través das redes sociais do Concello, co obxectivo de promover a creatividade e o esforzo dos participantes.

O concurso establece tres premios, dotados con 500, 300 e 180 euros respectivamente. Os escaparates deberán permanecer decorados entre o 12 de decembro e o 7 de xaneiro, contar cunha temática claramente navideña, estar iluminados, identificarse como participantes e ser accesibles para a súa avaliación. O xurado, composto por ata tres persoas, valorará aspectos como a orixinalidade, creatividade, dedicación, tradición, deseño, coherencia coa actividade comercial e atractivo visual. A identidade das persoas que o integran e o ditame final faranse públicos na páxina web e nas redes sociais municipais.



Fademur celebra o 25N na vila centrándose na nas mulleres rurais

As xornadas Aliadas Sororas, organizadas por Fademur con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, celebráronse no local da Asociación de Mulleres Rurais A Xuntanza, en Castro de Rei. O encontro reuniu representantes institucionais e profesionais da loita contra a violencia machista, nun espazo de análise e reforzo do traballo en rede no ámbito rural. A presidenta de Fademur Galicia, Verónica Marcos, abriu o acto dando paso ao director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Xunta, Roberto Barba, e á subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, encargada da inauguración. López salientou que “sen recursos no rural non hai igualdade real nin protección eficaz fronte á violencia machista”, ao tempo que puxo

en valor o estudo presentado por Fademur, no que seis de cada dez mulleres aseguran coñecer casos de malos tratos na súa contorna e máis do 76 % considera que non está tan protexida como nas áreas urbanas. A subdelegada advertiu de que a violencia “é máis silenciosa nos pequenos municipios, onde o illamento pesa e a presión social pode frear a denuncia”, polo que instou a reforzar o acompañamento, a formación e os servizos públicos. Lembrou tamén o compromiso do Goberno de España cunha política feminista que garanta protección e dereitos “para todas as mulleres, vivan onde vivan”, e destacou o traballo realizado desde o Ministerio do Interior en formación dixital e resposta ás novas formas de violencia.



Comezan o aglomerado da vía que vai á Pastoriza

A Deputación de Lugo vén de iniciar este xoves a pavimentación da estrada provincial LU-P-1106, que é a vía que conecta Castro de Rei e Campo do Oso, na Pastoriza, por Reigosa. Unhas obras que contan cun investimento de 450.000 euros da institución provincial para a rehabilitación dun tramo de preto de 10 quilómetros en diferentes puntos do seu trazado. Xa se acometeu a reapertura de cunetas e a canalización de formigón para a mellora da drenaxe ao inicio da estrada e quedará para o final a reposición da sinalización. Os tramos nos que se está a traballar van desde o inicio da estrada, á altura da ponte sobre o río Azumara, ata o punto quilométrico 7,682, na parroquia de Pacios (Castro de Rei);

á altura da parroquia da Reigosa, xa no termo municipal da Pastoriza, entre os puntos quilométricos 9,5 e 10; e dende a rotonda de conexión coa LU-P-4401, á altura da Ermida, entre os quilómetros 10,5 e 11,74. Trátase dunha actuación que está a acometer a empresa Cholo S.L nunha vía moi relevante para a comarca porque conta con gran volume de tráfico e dá acceso directo a diferentes servizos públicos. A mellora desta vía enmárcase no Plan de mellora das estradas 2025, anunciado a finais do pasado ano polo Presidente, José Tomé Roca, cun investimento que supera os 15 millóns de euros para acondicionar 400 quilómetros de vías por toda a provincia.

Convocado o cuarto concurso de decoración de Nadal

O Concello de Outeiro de Rei dentro das actividades de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, convoca o IV Concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns.

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás festas de Nadal e poderán participar no concurso todos os veciños e veciñas censados neste concello. A decoración deberá estar instalada e en funcionamento antes do 10 de decembro.

A inscrición será gratuíta. As persoas participantes terán que enviar dúas fotografías da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico xuventude@concellodeouteiroderei.org. As fotos teñen que ser actuais, orixinais e inéditas e non poden conter persoas.

Neste mesmo correo deben incluír o Anexo I cos datos persoais e de localización da vivenda. O prazo de inscrición estará aberto ata o 12 de decembro de 2025.

Premiarase a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo. Haberá dous premios de cen euros, outros dous de 75 e dous máis de 50 euros. O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello antes do 10 de xaneiro.

pol

Celebran en Pol un obradoiro de elaboración de adornos de Nadal

A Biblioteca de Mosteiro acollerá esta fin de semana, 13 e 14 de decembro, un obradoiro de elaboración de adornos de Nadal, unha proposta organizada pola Deputación de Lugo en colaboración co Concello de Pol e integrada no programa da Reserva da Biosfera Terras do Miño. A actividade desenvolverase en horario de tarde, de 16.00 a 20.00 horas, e está pensada para que as persoas participantes poidan aprender técnicas creativas e artesanais coas que decorar os seus fogares durante as festas.

As inscricións poden realizarse chamando ao teléfono 982 345 029 ou nas oficinas municipais. Desde o Concello destacan que este tipo de iniciativas contribúen a dinamizar a vida cultural da parroquia e ofrecen unha oportunidade para fomentar a creatividade e o espírito do Nadal entre veciños e veciñas de todas as idades.

Autorizan a segunda fase do Centro de Día

O Consello da Xunta autorizou a sinatura de catro convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e os concellos de Teo, Outeiro de Rei, Ribadeo e Punxín, co obxectivo de reforzar e avanzar no desenvolvemento de recursos de proximidade que dean resposta ás necesidades de atención das persoas maiores en situación de dependencia. O montante total destes acordos supera os 1,6 millóns de euros. Así, a Xunta investira 600.000 euros na segunda fase do Centro de Día de Outeiro de Rei. Con estes fondos, completárase a reha-

bitación e ampliación da antiga reitoral. En concreto, construírase unha nova edificación e restaurárase outra xa existente na parcela. As tres construcións estarán comunicadas e funcionarán de forma conxunta, dando cabida a todas as funcións propias dun centro de día. Nas catro actuacións serán os concellos os encargados da contratación e execución das obras. Tamén serán os responsables da titularidade e da xestión dos centros. A previsión é que todas as intervencións estean finalizadas o vindeiro ano.



Traballadores de Coren maniféstanse ante a fábrica en Outeiro de Rei

A CIG desenvolveu na mañá deste luns unha concentración diante de Coren Agroindustrial en Bonxe contra a represión sindical e para exixir a readmisión dun traballador despedido, que foi candidato pola CIG nas últimas eleccións sindicais celebradas nesta fábrica.

O secretario da FGAMT-CIG de Lugo-A Mariña, Christian López, subliña que esta decisión empresarial non ten xustificación e incide en que o traballador despedido foi candidato nas pasadas eleccións sindicais e ao tempo está inmerso nun proceso de solicitude de recoñecemento das antigüidades reais do persoal neste centro de traballo.

López denuncia que “Coren vén a resultar unha das empresas líderes en represión e persecución sindical en toda Galiza”, e avanza que, en paralelo á demanda para que se declara a nulidade do despedimento presentada polo compañeiro, a CIG levará adiante as accións sindicais necesarias “até que se teña unha solución definitiva”.

Así mesmo, e con vista no seguinte proceso electoral para o vindeiro ano, “animamos o persoal de Coren a non calar, a non ser cómplices da represión e do medo que aplica esta empresa e a defender o dereito á liberdade sindical e sen ataduras”.

EN BREVE



RUTA. O Bloque Nacionalista Galego organizou unha ruta pola parroquia de San Fiz de Paz co obxectivo de dar a coñecer á veciñanza o valioso patrimonio natural, histórico e cultural que atesoura o concello.



ANDAINA 25N. Outeiro de Rei acolleu a súa Andaina Popular contra a Violencia de Xénero, unha iniciativa organizada polo Concello con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. A actividade contou coa participación duns trinta veciños e veciñas.



OBRAIDROIRO. O Concello desenvolveu unha xornada formativa dedicada ao manexo do estrés e da ansiedade. De carácter gratuíta, tivo lugar no salón de actos da Casa da Cultura entre as 16:30 e as 20:30 horas e contou cun numeroso grupo de asistentes. A sesión foi impartida por Jenifer Souto Pérez, enfermeira, educadora e psicóloga da Escola Galega de Saúde.

Convocado de novo o concurso de recitado Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 7 de marzo na propia Casa-Museo. O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web. O concurso establece tres categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a

6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Valorarase a autenticidade e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 26 de xaneiro. E os seleccionados para a fase final deberán estar escollidos antes do 20 de febreiro.

Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3.

Renovado o lugar de Miraz cun investimento de 150.000 euros

O núcleo rural de Miraz, en Friol, estrea unha nova imaxe grazas ás obras de humanización que o Concello leva a cabo co apoio da Xunta de Galicia. Cun investimento próximo aos 150.000 euros e executadas pola empresa pública Tragsa, estas melloras supoñen un impacto directo na calidade de vida dos veciños, que xa perciben como as súas rúas e camiños recuperan un estado óptimo para o uso diario.

Durante anos, os residentes conviviron con accesos deteriorados. Agora, dispoñen dun entorno máis seguro, accesible e agradable para pasear e disfrutar das zonas comúns. “Seguímos traballando para que os accesos aos nosos núcleos rurais se manteñan no mellor estado posible, e para que as parroquias poidan ser disfrutadas ao máximo. Todo require facelo paso a paso, pero sempre co obxectivo de ofrecer o mellor para o noso municipio”, sinalou o alcalde, José Ángel Santos.

O rexedor tamén quixo agradecer



expresamente o apoio da Xunta de Galicia, que financia integramente a actuación, permitindo facer realidade estas melloras.

O proxecto contempla intervencións técnicas orientadas á mellora do viario municipal e á integración de espazos de descanso e zonas verdes. Primeiro procedeuse á demolición do pavimento deteriorado, mantendo a rasante e evitando que as rúas superen a cota das vivendas. Nas áreas sen formigón ou asfalto realizouse a preparación do terreo

para o seu posterior formigonado. Posteriormente, instalouse un novo pavimento de formigón desactivado —coñecido como árido visto ou formigón lavado—, colocáronse dous bancos sobre pavimento de granito e habilitouse unha pequena zona verde para uso veciñal.

Con esta actuación, o Concello non só repara as vías en mal estado, senón que tamén transforma Miraz nun núcleo máis humano e acolector, reforzando a súa identidade como espazo rural de convivencia.

As Olimpíadas Rurais volverán á localidade os días 26, 27 e 28 de xuño

O Concello de Friol acolleu a presentación do documental dedicado ás Segundas Olimpíadas Rurais de Galicia, un evento que destaca polo seu labor de posta en valor do rural galego a través da recuperación das tradicións e do espírito de convivencia que nos caracteriza.

O acto, que estivo presidido polo alcalde de Friol, José Ángel Santos, contou coa presenza da directora xeral do Agader, Paz Rodríguez, así como de numerosos participantes e colaboradores das Olimpíadas.

Durante a presentación, o alcalde agradeceu a Xunta de Galicia, que a través de Agader e de Turismo financia este evento, tamén subliñou a importancia desta cita para fortalecer a identidade do noso rural, visibilizando un territorio vivo, dinámico, creativo e orgulloso das súas raíces.

As Segundas Olimpíadas Rurais de

Galicia celebráronse en Friol cun gran éxito de participación, e xa teñen data para a súa terceira edición, que volverá celebrarse nesta localidade os días 26, 27 e 28 de xuño do vindeiro ano. Unha cita que promete consolidarse como un evento de referencia para a posta en valor das tradicións e da vida comunitaria no rural galego.

No seu discurso o alcalde agradeceu a implicación de todas as persoas participantes e colaboradoras, que dun xeito ou outro forman parte de este evento, e que fan posible que estas Olimpíadas sigan medrando e fortalecendo o espírito de unión que as caracteriza. O documental presentado recolle a ilusión, o esforzo e o traballo colectivo de toda a comunidade, deixando constancia dun evento que xa forma parte da memoria viva de Friol.

Medio Rural informa da concentración parcelaria de San Xoán de Seoane da Pregación

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, mantivo hoxe unha reunión na Delegación Territorial da Xunta en Lugo co alcalde de Friol, José Ángel Santos, e cunha representación de veciños para avaliar os avances da concentración parcelaria de San Xoán de Seoane da Pregación.

O proxecto abrangue un total de 402 hectáreas e beneficiará a 71 propietarios, atopándose actualmente na fase de bases definitivas. Durante o encontro, detalláronse os pasos previstos para a execución do proceso, así como a planificación dos prazos.

Ademais, anunciouse unha reunión informativa aberta a todos os veciños e veciñas o vindeiro 4 de decembro ás 10:30 horas, que terá lugar no salón de actos do Centro Sociocultural do Concello de Friol. Neste acto presentaranse os avances do proxecto e o deseño dos 11,5 km de futuras vías agrícolas.

Segundo as previsións da Consellería, as obras comezarán no segundo semestre do próximo ano, cun orzamento inicial superior ao millón de euros para o desenvolvemento da rede de camiños.



Conclúen as obras de repavimentación dos accesos a varios núcleos

O Concello de Friol vén de dar por rematado un proxecto de mellora viaria no rural que incluíu a repavimentación dos accesos aos núcleos de Silvarredonda, Bedús, Carballal, Sobrado, Vilapedre, Requeixo, A Vilagrande e O Bullo. A actuación, que contou cun investimento superior aos 182.000 euros, foi cofinanciada a través do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

Esta intervención supón un avance significativo para a mobilidade da veciñanza, xa que abrangue estradas municipais que prestan servizo a varias parroquias como Cotá,

Vilalvite, Devesa, Ousá, Madelos e Roimil. O deterioro acumulado polo paso do tempo, o tránsito diario, o uso de maquinaria agrícola, os labores forestais e as condicións meteorolóxicas provocara numerosas deficiencias que dificultaban o tráfico habitual.

Os traballos centráronse na recuperación das zonas máis danadas, na limpeza das cunetas para mellorar a recollida das augas de chuva e na instalación de nova sinalización nos puntos precisos, co obxectivo de evitar o deterioro futuro e incrementar a seguridade da circulación.

Colaboración para dotar de subministro o sistema de saneamento de Roimil

A Xunta de Galicia e o Concello de Friol suman esforzos para garantir o subministro eléctrico do sistema de saneamento e depuración do núcleo de Roimil, unha infraestrutura executada por Augas de Galicia cun investimento total de 280.000 euros, cofinanciados entre ambas administracións. Grazas a este acordo, a nova rede hidráulica poderá entrar en funcionamento antes de que finalice o ano 2025.

A conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, e o alcalde de Friol, José Ángel Santos, asinaron esta semana un convenio de colaboración que recolle o compromiso do departamento autonómico de achegar apoio técnico e os 16.026 euros necesarios para executar a acometida eléctrica. Pola súa banda, o Concello asumirá a execución das obras e a súa posterior xustificación.

A mellora do sistema de saneamento e depuración de Roimil ten como finalidade estender a rede de tratamento de augas residuais aos lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira, co obxectivo de dar servizo a vinte vivendas que

representan unha poboación equivalente a 200 habitantes. Ademais, grazas ao convenio asinado, Augas de Galicia achegará o financiamento preciso para levar a cabo a conexión das novas instalacións hidráulicas á rede eléctrica.

Durante a reunión, a conselleira e o rexedor tamén abordaron outro proxecto de gran interese para o municipio: a dotación de abastecemento á parroquia do Seixón. Esta actuación, cun orzamento próximo aos 600.000 euros, atópase na fase final de axuste técnico antes de iniciar o proceso de licitación.

Ángeles Vázquez destacou que, aínda que a competencia na prestación destes servizos hidráulicos corresponde aos concellos, a Xunta leva anos ofrecendo apoio técnico e financeiro ás entidades locais que o precisan. De feito, o orzamento de Augas de Galicia para 2026 medrará un 5,5 %, ata acadar os 151,7 millóns de euros, dos cales sete de cada dez destinaranse a actuacións de abastecemento e saneamento —108,7 millóns—, mentres que 73,6 millóns se dedicarán á mellora e construción de infraestruturas hidráulicas.

Os Cinco Ríos pasa a mans dunha xestora tras anos de actividade

O Corgo viviu o pasado 9 de novembro un fito na vida asociativa do municipio coa celebración da Asamblea Xeral Ordinaria da asociación Os Cinco Ríos, á que acudiron numerosos socios. Ao remate do encontro ofrecéronse pinchos aos asistentes, nun acto que tamén serviu para repasar a traxectoria da entidade.

Constituída en 2019, Os Cinco Ríos afrontou dende o seu inicio o parón imposto pola pandemia, pero conseguiu consolidarse como a primeira asociación a nivel municipal, integrando as 38 parroquias do concello e situándose como pioneira na provincia, cunha cifra actual de máis de 600 socios.

Ao longo destes anos, a asociación desenvolveu actividades culturais e lúdicas para toda a veciñanza, desde campionatos de tute, charlas, obras de teatro e bailes dominicais con música, ata cursos, animación infantil e mercados mensuais con artesanía, antigüidades, roupa, plantas e polbeiros.

Unha das citas máis destacadas foi o “mercado de oficios” anual en agosto, que este ano acolleu 75 postos e incluíu exhibición de ma-

quinaria, degustación de cordero á prancha, coches clásicos, motos, actuacións musicais e feira de artesanía. Para levar a cabo estas iniciativas, a asociación contou con certa axuda das administracións públicas, aínda que nunca suficiente, e sempre actuou sen ánimo de lucro e co respecto ás asociacións de cada parroquia.

Durante a súa existencia, a directiva traballou por unir e mellorar O Corgo, incluso mantendo un punto nos estatutos que impede aos membros formar parte de partidos políticos. Aínda así, a asociación sufriu bloqueos por parte dalgunhas administracións, incluído o propio concello, que en moitas parroquias con explotacións gandeiras segue sen garantir servizos básicos como a traída de auga.

Ante a falta de relevo na directiva e o desgaste, a Asamblea decidiu deixar a asociación en mans dunha xestora, que asumirá a súa xestión ata a conformación dunha nova directiva. Por agora, non se levarán a cabo novas actividades, limitándose a presentar escritos atendendo ás necesidades dos veciños, seguindo a filosofía da entidade.



O Corgo súmase á promoción da Vía Küni

Os concellos de Lugo, As Nogais, Becerreá, Baralla e O Corgo veñen de asinar un convenio de colaboración para impulsar a posta en valor da Vía Küni, o percorrido máis longo de Europa dentro das rutas xacobas, que segue os pasos do monxe alemán Hermann Küni, quen atravesou Galicia a finais do século XV. O convenio permitirá destinar os fondos a diversas accións como estudos e investigacións, elaboración

de cartografía e documentación, labores de limpeza e sinalización, así como á promoción turística e cultural da Vía Küni. Segundo o acordo, os concellos asumen a súa responsabilidade en materia de promoción cultural, fomento do turismo, apoio ao comercio e fortalecemento do tecido empresarial, todo a través da recuperación e desenvolvemento deste itinerario de peregrinación cara Santiago.

O club Palco do Corgo dinamiza a lectura con autores locais

O Club de Lectura Palco do Corgo, que se desenvolve desde setembro de 2023 no punto de atención á lectura do municipio, continúa consolidándose como un espazo de encontro para amantes da lectura un venres de cada dous meses, cun formato que permite unha participación activa e próxima coa literatura. Un dos atractivos do club é a presenza das escritoras e escritores das obras que se len. Así, nos encontros pasados estiveron con Toño Núñez e Benedicta Sánchez, e nesta ocasión será Ángela Gracián, autora do libro que se está lendo actualmente, quen compartirá experiencias cos participantes, facendo máis interesantes as sesións e aumentando a asistencia. No club participan máis de vinte persoas, aínda que non todas asisten a cada encontro. Destaca a diversidade xeográfica do grupo, con membros procedentes de municipios como



O Corgo, Castroverde ou Láncara. O seu fondo lector é amplo, lendo poesía, narrativa e teatro segundo as preferencias dos participantes, pero dando prioridade a autores da zona para favorecer a participación nas xuntanzas. Durante as sesións coméntanse o libro, a forma de escribir e as emocións que xera na lectura.

Ademais das sesións habituais, o ano pasado realizaron unha andaina inspirada na lectura do libro Escapadas polo Corgo. Desde o club destacan tamén o apoio do Concello do Corgo, que cede o local e subvenciona a compra de seis exemplares para que poidan ser lidos entre todos os membros.



O BNG analiza as causas dos incendios e propón un cambio no modelo

O BNG reuniu á veciñanza nunha charla-debate centrada en comprender as causas que explican a recorrencia dos incendios forestais en Galicia, nun encontro que puxo o foco na responsabilidade da Xunta e na necesidade dun cambio profundo no modelo forestal. Durante as intervencións analizouse como a abundancia de vexetación, a acumulación de combustible seco, os factores de ignición e as condicións meteorolóxicas extremas favorecen a propagación do lume. Con todo, destacou que a raíz do problema é estrutural: un réxime de propiedade fragmentado, a ausencia de ordenación forestal e un modelo produtivo deseñado para priorizar madeira barata destinada á pasta de papel,

que empobrece o monte e limita o seu potencial económico, social e ambiental. No debate denunciouse tamén que a Xunta de Galicia non investiu o prometido nas medidas de prevención, nin apoia a necesaria multifuncionalidade do monte. O BNG expuxo as súas propostas: un cambio integral da política forestal, unha ordenación real do territorio, medidas de prevención activa ao longo de todo o ano e un reforzo estable e profesionalizado do operativo antiincendios. A fronte nacionalista defende que o monte galego debe ser unha fonte de riqueza diversificada e sustentábel, non un recurso explotado de maneira extensiva e de baixo valor engadido.

O PP di “blindar” o transporte público rural en Lugo

O PP da provincia denuncia o intento do Goberno de Pedro Sánchez e os seus socios de suprimir paradas, reducir frecuencias e modificar horarios das liñas de autobús estatal en diversos municipios do rural galego. A presidenta provincial, Elena Candia, destacou que “graza ao traballo do Partido Popular, Galicia e en particular a provincia de Lugo manteñen un servizo esencial de transporte no rural. Mentres o Goberno intenta recortar paradas e limitar a mobilidade das familias, o PP defende aos veciños e garante conexións seguras e estables”.

O deputado Francisco Conde explicou que, grazas á intervención do PP, por lei manteranse todas as paradas, rutas, horarios e frecuencias actuais, asegurando un servizo de mobilidade fundamental para a provincia e para a vertebración de Galicia. No caso de Lugo, dez concellos veríanse afectados: Baralla, Chantada, O Corgo, Guitiriz, Meira, Monterroso, As Nogais, Palas de Rei, A Pontenova e Quiroga, onde viven preto de 35.000 persoas e que contan con uns 3.600 usuarios habituais. A eliminación destas paradas suporía un recorte directo ao rural, considerado un novo fracaso do ministro José Luis Ábalos. Conde subliñou que a emenda á Lei de Mobilidade Sostible representa un compromiso para protexer os servizos de transporte rural e garantir a igualdade de oportunidades.

castroverde

“É vital que se integre xente nova na asociación para o futuro”

Manuel Muñiz Besteiro é o presidente desde o seu inicio da Asociación de Amigos do Patrimonio, que celebra este ano o seu vixésimo aniversario

Jessica Fernández

“Pensando nestes 20 anos, levamos arredor de 500 actividades feitas”, así comeza o presidente da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, que este ano fai 20 anos de traballo por “valorizar todo o patrimonio natural, paisaxístico e monumental do Concello de Castroverde, así como potenciar todo o que ten que ver co Camiño Primitivo”, salienta Manuel Muñiz Besteiro.

A asociación xorde no ano 2005, cando se constitúe, pero o berce dáse no ano 2003, cando unhas 26 persoas se xuntan nunha primeira reunión despois de que Manolo Muñiz, Paco Pestana, Ricardo Polín e outras viran a necesidade de promover un colectivo co que poder facer cousas polo Concello. Un día de feira fixéronse nos pendellos, que estaban caídos, “e ese foi o momento clave no que nos demos conta de que había que facer algo”, lembra Muñiz. Así, comezaron sendo arredor de 20 persoas, e hoxe son unhas 120, aínda que o presidente lamenta que, de entre elas, xa faleceron 20 “polo menos”, algo que considera “moi duro, porque é xente que estaba máis implicada, aínda que non formara parte da Xunta Directiva, pero que facía o seu traballo, axudábanos entre todos”.

AS ACTIVIDADES. A actividade comezou en 2005 e xa en novembro puxeron en marcha as primeiras accións. “Fomos a Castroverde de Zamora por febreiro do 2006 para participar no encontro dos Irmandamentos. Despois, viaxamos a Portugal e a Valladolid, xa que estabamos

intentando irmandarnos con esas localidades, e foi no 2007 cando se celebrou o primeiro Irmandamento aquí, en Castroverde. O décimo tivo lugar no 2018 tamén en Castroverde, pero coa chegada da pandemia todo quedou paralizado desde entón”. Os Irmandamentos, eran “moi interesantes, pero non foi adiante tal e como era a miña idea, que era facer intercambios entre os pobos, ou nas escolas, pero non se logrou”.

Ademais, lembra que “nós comezamos potenciando o Camiño Primitivo porque era un dos elementos máis visibles e tamén o primeiro; incluso chegamos a colaborar en iniciativas e mesmo en protestas, debido a que o Camiño Primitivo estaba mal sinalizado e non pasaba por Soutomerille. Grazas á nosa insistencia, finalmente, fíxose o trazado desde Vilar de Cas pasando por Soutomerille, e á xente gústalle”.

Tamén están as rutas, que se fixeron moitas. “Grazas a desenvolver rutas, conseguimos que se foran sinalizando, como un panel principal na Vaqueriza en homenaxe a Paco Pestana”, último das rutas sinaladas. Aínda que Manuel Muñiz lamenta que “tampouco vexo a xente de aquí de Castroverde interesada nestas iniciativas, sempre que se fagan cousas poñendo en valor algo, é positivo”.

Outra das iniciativas que levan a cabo desde a asociación é a defensa da Torre da Fortaleza, que consideran que debería ser propiedade do Concello de Castroverde, así como apunta a Soutomerille, “que se foi deteriorando e degradando durante estes anos, e iso pasa en todo o territorio”.

OUTROS PROXECTOS. Ademais das actividades, desde a asociación realizouse un gran traballo de divulgación. Así, publicaron unha obra que lles cedeu Gómez Vilabella, socio de honra, titulada As feiras de Castroverde no século XX. “Cedeu os dereitos á asociación, mais realmente foi el quen a publicou, porque lle gustou moito que existise unha asociación co mesmo nome, á que lle fixemos un recoñecemento”. Ademais, tamén editaron os Itinerarios polo Concello de Castroverde, que inclúen a ruta de Soutomerille, a do Val do río Tórdea, a de Furís a Páramo, a de Montecubeiro a Barredo, a das Fontes (Masoucos) e a dos Muíños. Tamén, de forma máis persoal, Manuel Muñiz comenta que, percorrendo as rutas, “Antonio, o secretario, e mais eu, recolleemos os cruceiros e cruces misionais do Concello de Castroverde; de feito, están publicados en formato dixital, pero tamén sería necesario publicalos en papel. Ao descubrir os cruceiros, decateime de que existía unha asociación de amigos dos cruceiros, na que participei en varias ocasións, e actualmente son socio dela”, explica. E participaron tamén noutras moitas iniciativas, como coa Asociación Terras de Lugo, Irimegos, URG, Queremos Galego, Eólica Así Non, Rede do Rural, etc. Outro traballo que están rematando este ano ten que ver cos fornos do cal que había en Castroverde. “Isto foi unha sorpresa para min, eu coñecía o de Bolaño, porque está moi ben conservado, pero hai máis”. Así, Manuel Muñiz explica que “houbo tres zonas do cal, a Meda, Bolaño e



Fogontelle, que tiña unha caleira e un forno impresionante. Na zona de Bolaño collía as parroquias de Pena, Serés, Castedo, Francelos, Rebor daos, Souto de Torres e Outeiro; e A Meda tiña a caleira e preto houbo tres fornos que desapareceron, segundo o Marqués de La Ensenada. Moitos fornos desapareceron, pero consérvanse, polo menos, e a parte do de Bolaño, uns 10 fornos”. Ademais, tamén potenciaron a divulgación da Cova da Valiña, que ten 33.000 anos de antigüidade polos restos atopados, coma os últimos sartegos descubertos na parroquia de Páramo, que son do século XI. “Non sabemos como está a situación agora, pero fixemos moitas cousas, e incluso recoller árbores senlleiras, etc.”.

AXUDAS E FUTURO. O Concello de Castroverde apoia á entidade, xa que o seu local é o Concello vello de Castroverde, pero o presidente comenta que anualmente lles asignaban “sempre o mesmo que ao resto das asociacións”. Houbo momentos puntuais nos que recibiron colaboracións extraordinarias, como cando se celebraron os irmandamentos, nos que “asumiron todos os gastos cando viñeron aquí”, mais engade que, fóra destas ocasións, nunca tiveron axudas especiais. Exemplo disto é a sinalización da ruta do Val do río Tórdea, que custou preto de 20.000 euros, e do cal o

Concello proporcionou apenas 1.500 euros, “e 1. esa cantidade foi o que custou o panel principal”. En cambio, moitas das actividades que se fixeron, sinalización de rutas, actos no CPI foi grazas ao Xacobeo, na época do bipartito, “o que agradecemos”. Porén, tras o cambio na Presidencia, “deixamos de recibir axudas; algo que non entendo”.

Finalmente, destaca que grazas á Deputación, “subvencionáronnos grupos de música a través da Vicepresidencia”, e tamén houbo axudas do GDR Terras de Lugo.

Con respecto ao futuro, Manuel Muñiz considera que “para a supervivencia desta entidade, o máis importante é a xente nova. De feito, mentres tivemos as axudas do Xacobeo, durante uns anos, fixemos actividades no CPI de Castroverde, levando música, escritores, e actividades diversas, que ao non percibir dita axuda, non o puidemos seguir facendo”, lamenta. Por iso, considera “vital” que se integre xente nova na asociación. “O problema do despoamento está aí, e sabemos que os rapaces marchan de Castroverde, pero non falamos de xente nova de 18 anos, senón de 30 ou 40 anos que teña ganas de facer cousas en Castroverde, porque con 60 anos non temos as mesmas ganas nin o mesmo ánimo”, recoñece. “Morre un pobo e unha asociación se non hai xente nova”.

Queixa polas deficiencias na atención médica

O BNG fixo público o seu malestar pola situación que, segundo denuncian, se leva arrastrando dende hai tempo no centro de saúde local.

A formación lamenta que o municipio quede de novo sen médicos de atención primaria, unha carencia que obriga a veciñanza a trasladarse a outros puntos da comarca e que deixa sen asistencia adecuada ás persoas maiores, pacientes crónicos e familias que non poden desprazarse con facilidade.

Os nacionalistas subliñan que non se trata dun episodio puntual, lem-

brando que durante a semana pasada houbo tamén varias xornadas nas que non se contou con médico de garda, o que provocou tempos de espera prolongados, consultas canceladas e unha sensación xeral de incerteza entre os usuarios. A esta situación súmanse días nos que tampouco estivo dispoñible o servizo de Pediatría.

Iria Castro advertiu de que “levamos varios anos con problemas para cubrir as baixas ou vacacións e hai que poñerlle remedio antes das vacacións de Nadal”.

Organizan novos cursos sobre seguridade dixital

O Concello vén de anunciar un novo ciclo formativo centrado na ciberseguridade e na prevención de riscos asociados ao uso da internet, como o acoso ou o *grooming*, ademais doutras estafas cada vez máis habituais no entorno dixital. As sesións impartiranse os días 14, 19, 21, 26 e 28 de xaneiro e o 2, 4, 9, 11 e 16 de febreiro de 2026, sempre en horario de 10:30 a 12:30 no Centro Sociocultural Pazo Pestana. As inscricións permanecerán abertas ata o 29 de novembro e ofértanse un total de 12 prazas.

Estas accións formativas intégranse no programa provincial E para dixitalizarse Lugo, unha iniciativa orientada a facilitar que a cidadanía poida efectuar xestións en liña de maneira autónoma e con garantías de seguridade. Dentro da proposta inclúense contidos moi diversos que abarcan desde a iniciación á informática até o uso responsable da rede, pasando polo manexo avanzado do teléfono móbil, a sinatura dixital, as aplicacións de servizos públicos ou o acceso ás plataformas bancarias electrónicas.

Homenaxe a unha veciña centenaria

O Concello de Castroverde quixo recoñecer a vida de Petra Expósito Díaz, que recentemente cumpriu 100 anos, cunha placa conmemorativa en honor á súa traxectoria vital. O acto, cargado de agarimo, homenaxe a unha muller que forma parte esencial da memoria viva do municipio.

Petra naceu en Moreira, na casa do Canteiro, no seo dunha familia de cinco irmáns, catro mulleres e un home. Ao longo da súa vida destacou polo seu espírito forte e pola súa extraordinaria capacidade de traballo, convivindo sempre co seu irmán Ramón, falecido hai seis anos.

RIBEIRA DE PIQUÍN: Roberto Fernández

“Sempre procuro escoitar e comprender cada necesidade”



Con 10 de traxectoria na Alcaldía, Roberto Fernández pon en valor os proxectos desenvolvidos en favor da veciñanza e cunha aposta clara polos servizos sociais

Jessica Fernández
Explíquenos un pouco como se iniciou na política.
Ideoloxicamente son de esquerdas. Sempre defendín o público e penso que encaixa coa miña forma de ser. O proxecto que defendemos a nivel municipal é progresista, que aposta polo público e polo carácter social das políticas. No partido atopamos un encaixe perfecto entre as siglas e a nosa maneira de entender a sociedade, algo que manteño dende a primeira convocatoria electoral na que nos presentamos.
Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?
Eu son alcalde dende o ano 2015. Presenteime por primeira vez no 2011 como candidato do PSdeG á Alcaldía de Ribeira de Piquín, pero daquela non conseguimos chegar ao goberno. No 2015 volvemos presentarnos co mesmo equipo, algo máis ampliado,

e conseguimos gañar as eleccións e gobernar. Dende entón, seguimos no goberno, incorporando máis xente coa mesma iniciativa e coa mesma ilusión.
A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?
Estiven dez anos traballando no sector privado antes de ser alcalde de Ribeira de Piquín, pero tiña unha vocación paralela, polo que fixen un parón na miña profesión para dedicarme ao municipio. Creo que os de Ribeira de Piquín temos algo especial, algo que tamén pode compartir a xente doutros concellos, pero que en nós é moi forte: ese arraigamento, esa morriña. Por iso, isto é algo que me gusta de verdade, e creo que tamén é necesario loitar polo empoderamento da administración local e por darlle o valor que realmente ten facer de guía dun futuro necesario no rural.
E beneficios?
A política é moi vocacional. Debemos ter a capacidade de trasladar esa utilidade ao posto que ocupamos e nós transmitímolos dende o primeiro día, coa capacidade de analizar a realidade, sen facer promesas utópicas que non poidamos cumprir, pero con moita sensatez, con proximidade e transparencia, sendo capaces de analizar a realidade, de formular propostas viables e executables, e de tratar de mellorar o que nos rodea. Moitos dos traballos que se realizaron melloraron a calidade de vida das veciñas e veciños, e compartimos con eles proxectos de maior percorrido nos que estamos inmersos e que requiren tempo para poder ver os seus resultados.
Cales son os seus obxectivos a nivel político?
Íriame da política contento e orgulloso se fosemos capaces de reverter a situación de despoboamento que sufrimos e se conseguimos promover alternativas de emprego que permitan que a xente poida vivir en Ribeira de Piquín con estabilidade laboral e poida planificar un proxecto de vida neste lugar. Queremos ofrecer todos os servizos que nos corresponden como administración local, de for-



ma pública e con boa calidade. Así, atender, a través dos servizos sociais, unha porcentaxe elevadísima da poboación, os nosos maiores, porque é unha xeración que merece todo o noso respecto e dedicación. E, en canto ao futuro, o obxectivo é ser capaces de xestionar alternativas que poidan xerar emprego, algo que tamén facemos a través da Fundación TerrEO.
E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?
Se renovo a Alcaldía sacaremos adiante un proxecto que, polo menos, cree 20 postos de traballo.
Cales son as principais liñas do seu programa?
A liña principal do programa será promover contar con servizos públicos de calidade e cubertos ao 100 % e cun pleno emprego na Ribeira para que a cidadanía poida desenvolver o seu proxecto de vida aquí.
Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?
En Ribeira de Piquín centramos boa parte do esforzo nos servizos sociais, porque máis do 50 % da poboación ten máis de 65 anos, pero estamos infradotados economicamente. Prestamos o servizo de dependencia con fondos propios, e ten un custo moi elevado. Iso obríganos a reducir fondos noutros ámbitos, porque as administracións competentes, fundamentalmente a autonómica, non transfiren os recursos que lles corresponden. Esta falta de apoio tamén se nota noutros servizos, como o sanitario: o noso centro de saúde sofre a ausencia diaria de médicos e funciona con coberturas temporais e parciais. Todo isto fai que sexa difícil atraer ou reter poboación e impulsar proxectos de vida no rural. Por iso, é imprescindible que as administracións colaboren e financien con xustiza os servizos básicos que garantan a igualdade e a calidade de vida en concellos coma o noso.
De que proxectos se sente máis or-

gulloso?
En materia de servizos, demos un paso moi importante a pesar de ser un municipio moi disperso, con máis de corenta entidades de poboación. Nesta lexislatura queremos rematar o abastecemento de auga na maioría dos núcleos; renovamos a totalidade do alumado municipal e, no relativo ás vías, realizamos un traballo moi importante en máis de seiscentos km de vías municipais. Tamén tramitamos ferramentas de traballo que nos facilitan moito a xestión, como o Plan Básico ou o inventario municipal de camiños. Contamos cun equipo de traballo moi cohesionado e forte. Creamos tamén a Fundación Municipal TerrEO, un proxecto que se constrúe de maneira conxunta e que conta co apoio da veciñanza. Síntome moi orgulloso do camiño que estamos a seguir.
Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?
Creo que a maioría dos veciños teñen o meu número de teléfono, e iso xa reflicte a proximidade coa que intento actuar. Sempre procurei ser unha persoa próxima e humilde, escoitar e comprender cada necesidade, aplicando o sentido común, pero tamén con claridade e transparencia. Os problemas son moitos, e esa é precisamente a nosa misión: afrontalos con responsabilidade e compromiso. Defendo unha política próxima, humilde e con capacidade para anticiparse aos problemas, non só para resolvelos cando aparecen.
Como é a súa relación coa oposición?
A oposición, cando é dinámica, resulta útil, pero en Ribeira de Piquín non é así e é algo que lamento. Poderían ter unha relación moito máis próxima co noso proxecto, pero neste mandato non temos ningunha achega positiva por parte da oposición máis alá da crítica, e cando a crítica é fundada pode ser enriquecedora, pero non é o caso. Eu o que lles pido é responsabilidade e implicación.

“Síntome moi orgulloso do camiño que estamos a seguir”

DATOS

HABITANTES: 492.

PARROQUIAS: 8.

EXTENSIÓN: 72,99 km cadrados.

PARTIDO XUDICIAL: A Fonsagrada.

CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PSOE e 1 de Parido Popular.

ALCALDE: Roberto Fernández, do PSOE.

VOCEIRO DO PP: José Osorio Fernández.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
41, casado con dúas fillas.
- **Profesión e formación**
Son técnico en electricidade.
- **Se puidera escoller, que lle gustaría ser?**
Desenvolver algún proxecto agropecuario.
- **Que quería ser de maior**
Sempre me gustaron moito os traballos relacionados co social.
- **Que fai para desconectar?**
Procuro dedicar tempo á familia e a compartir afeccións.
- **Unha virtude e un defecto**
Proximidade e a humildade; e demasiado persistente, tozudo.
- **Un consello para compartir**
Defender o público.
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
¿Por qué sangró la montaña?, de Nicanor Rozada; Sirat, de Oliver Laxe; e Beiralúa, de Sondeseu.
- **Unha afección**

A natación.

- **Un lugar que visitar**
Ribeira de Piquín, en zona de río.
- **Unha comida e unha bebida**
Troitas e unha sidra de mazás da Ribeira.
- **Unha personaxe admirada**
Os avós das casas rurais galegas.
- **Unha posesión apreciada**
A maior posesión é familiar.
- **Un desexo**
Que os proxectos que promovemos terminen coa realidade que pensamos.
- **Algo para esquecer**
Non teño moito para esquecer.
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A lealdade.
- **Un desafío pendente.**
Un proxecto que marcará un antes e un despois en Ribeira de Piquín.
- **Onde se ve en cinco anos?**
Onde estou hoxe, pero con máis proxectos avanzados.

DEPUTACIÓN

A Deputación aproba os orzamentos e a declaración contra a violencia de xénero

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante este martes os Orzamentos da institución provincial para o vindeiro 2026, que superan os 135 millóns e euros “para consolidar o crecemento económico e social da provincia”. Soben máis dun 3,7% respecto aos do 2025 e darán continuidade o proxecto de impulso do benestar social, “apostando con firmeza polos servizos públicos”; e de fomento das actividades produtivas, “potenciando os sectores estratéxicos”.

Así os valorou o presidente, José Tomé Roca, antes da sesión plenaria que abandonaron os deputados do PPdeG antes da votación. O mandatario provincial cualificou de “lamentable” o seu comportamento, pediulles madurez política, seriedade e responsabilidade para “deixarse de espectáculos e poñerse a traballar”. “Levan cinco anos de rexeitamento sistemático á previsión de fondos da Deputación, porque teñen unha posición fixa de bloqueo, non do resultado dun análise real do contido dos presupostos”, reprochou. As con-

tas da Deputación foron aprobadas grazas aos votos a favor do PSdeG e do BNG.

Durante o Pleno, a Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, puxo en valor uns orzamentos que “están deseñados para avanzar no proxecto de progreso social e económico”, asentado nas políticas sociais, a mellora da mobilidade, cooperación cos concellos e o apoio aos sectores produtivos. Uns números “realistas”, porque se mantén o nivel de execución orzamentaria no 85%; “investidores”, porque soben aos 19,5 os investimentos reais e “profundamente sociais”, cunhas transferencias correntes que chegan aos 18,5M€.

Destacou tamén a “débeda cero” da institución provincial, proba dunha xestión “rigorosa, responsable e comprometida co uso eficiente dos fondos públicos”.

POLÍTICAS SOCIAIS. Os orzamentos reservan 41M€ ás políticas sociais. “Seguiremos tecendo a nosa

rede de protección social, que é ampla e forte, con 41M€ que destinaremos a seguir poñendo a disposición da veciñanza residencias para maiores públicas e de calidade, ao SAF ou á Teleasistencia”, detallou a Deputada de Economía. Nese sentido, explicou que os Centros de Atención a Maiores dan cobertura a 300 persoas, a Teleasistencia domiciliaria coida doutras 2.000 e que mediante o Servizo de Axuda no Fogar, a Deputación cofinancia ao ano 200.000 horas de atención para preto de 2.000 usuarios e usuarias.

11,5M€ irán destinados aos Centros de Atención a Maiores, son case 700.000€ máis que o ano pasado. Uns fondos que servirán para manter en funcionamento as residencias de Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil; e para continuar avanzando nos proxectos que a Deputación ten comprometidos noutros 9 municipios da provincia. Nese sentido, destacou que 4 –Becerreá, A Pontenova, Guitiriz e A

Pobra do Brollón- abrirán a corto ou medio prazo.

A mellora da mobilidade seguirá concentrando un “importante esforzo investidor” de 27M€ por ser “o primeiro factor de igualdade territorial”. E detallou Carmela López Moreno que esa partida incluírá no 2026 a obra nova, conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil. Nese sentido, valorou que a institución provincial daralle continuidade “ao mellor plan de estradas da historia da Deputación” posto en marcha este ano, baseado en criterios técnicos, “co que estamos a realizar neste 2025 máis de 100 actuacións en 52 concellos da provincia, sen distinción de cores políticas”.

Explicou a Deputada que só a través do Plan Deputación a institución mobilizarán no 2026 22,25M€, cun incremento respecto a este ano de 250.000€, cumprindo así co acordo de Goberno de subilo nun millón de euros este mandato. Ademais destacou entre as políticas de apoio aos municipios o Centro de Innovación Terri-

torial, un proxecto “pioneiro” que contará con 850.000€ achegados entre a institución provincial e o Goberno de España para situar o rural no epicentro das políticas de desenvolvemento.

Por outra banda, a Deputación reserva para o 2026 13,5M€ a políticas estratéxicas, que terán un impacto no sector primario, o comercio, a hostaleira e o turismo. Nese sentido, a Granxa Gayoso Castro contará cun investimento de 2M€; as políticas vencelladas ao turismo, subirán ata os 3,5M€; e a área de Medio Ambiente, outros 3,5M€.

DECLARACIÓN. Aprobada ademais por unanimidade unha declaración institucional polo 25N, o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

Mediante este texto a Deputación reafirma o seu compromiso “firme e irrenunciable” para erradicar a violencia exercida contra as mulleres e condena todas as formas de violencia machista, incluíndo a negociación ou a súa minimización. Nun ano no que van 38 mulleres asasinadas en todo o ano en todo o Estado Español, dúas delas en Galicia, a institución provincial mostra no texto o seu apoio ás vítimas, animando á cidadanía a actuar unida, rexeitando a violencia.

EN BREVE



CONVENIO. A Deputación de Lugo e a Federación da Asociación de Veciños Lucus Augusti veñen de asinar tres convenios de colaboración polos que a institución provincial destinará un total de 22.000 euros á entidade veciñal.



ESTRADAS. O presidente presentou en Ribeira de Piquín o Plan de Vialidade Invernal da institución para a temporada 2025-2026. Un operativo composto por 112 persoas e 64 máquinas que terá por obxectivo garantir unha resposta “áxil e eficaz” ante as incidencias na rede viaria provincial.

Tomé reclama na FEMP partidas para as competencias asumidas

O presidente participou en Madrid na Xornada sobre o Futuro das Deputacións Provinciais, organizada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e celebrada na súa sede institucional. A cita reuniu responsables provinciais, representantes municipais, persoal técnico da administración local e expertos en gobernanza pública para debater sobre os desafíos estruturais e de futuro das deputacións, nomeadamente o financiamento, a gobernanza e o equilibrio territorial.

Tomé Roca puxo o foco na necesidade de abordar con rigor a situación das competencias impropias que as deputacións están a asumir, en especial no ámbito dos servizos sociais, un eido no que as demandas crecen e a responsabilidade das entidades provinciais é cada vez maior. “É fundamental reforzar o papel das deputacións como institucións de cohesión territorial, garantes da igualdade de oportunidades e do apoio técnico e económico aos concellos máis pequenos. Pero as competencias teñen



que estar acompañadas de financiamento. E non o digo eu, é que o di a propia Lei”, afirmou o presidente. Subliñou que se trata dun asunto “vital, que todas as deputacións debemos reivindicar de maneira conxunta, desde a cooperación institucional e co obxectivo de garantir servizos públicos de calidade en todo o territorio”. Nese sentido, falou do caso da Deputación de Lugo, que ten unha rede de Centros de Atención a Maio-

res con 9 residencias funcionando e con outras 9 proxectadas, en construción ou en trámites de apertura. Ao tempo, defendeu o papel das deputacións como institucións “próximas e imprescindibles para o equilibrio territorial e o apoio ao municipalismo, especialmente no rural”, lembrando que sen elas os concellos carecerían da capacidade necesaria para prestar servizos esenciais en condicións de igualdade.

DEPORTES

O CD Biosbardo triunfa en competicións de Ourense e Muras

O Club Deportivo Biosbardo viviu unha fin de semana de éxitos en dúas citas deportivas de referencia. Un numeroso grupo de atletas do club desprazouse ata a capital ourensá para participar na San Martiño 10K, que nesta edición contou cun percorrido renovado e homologado pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA).

O protagonista destacado foi Federico Losada, que se fixo coa vitoria na súa categoría M50 cun espectacular tempo de 33 minutos e 56 segundos, consolidando o seu excelente estado de forma. Especialista en probas de trail, Losada fixo un paréntese na súa tempada para competir en ruta durante a campaña de outono-inverno, demostrando unha vez máis a súa gran capacidade atlética.

Tamén brillou Tamara García, que logrou un meritorio décimo posto na clasificación absoluta, asinando un dos mellores resultados do seu palmarés persoal. Cun tempo de 38 minutos e 19 segundos, a atleta amosou o seu enorme potencial e confirmou a súa progresión nunha tempada especialmente brillante.

MURAS. Mentres tanto, outro grupo de deportistas do club competiu no Trail das Bestas, disputado na localidade lucense de Muras, unha proba oficial puntuable para o Ranking G3 da Federación Galega de Atletismo, con tres distancias: maratón, clásica de 27 quilómetros e curta de 12.

Na modalidade de 27 quilómetros destacou José Voces, que se proclamou campión da categoría Máster 2, sumando puntos decisivos na súa loita pola clasificación xeral do ranking galego. Na mesma distancia, Kenia Estrada e Tere Dieste mantiveron un intenso duelo polo podio, compartindo gran parte do percorrido e cruzando a meta en cuarta e quinta posición absoluta, respectivamente.

O club destacou que ter máis de vinte atletas competindo en probas oficiais de xeito simultáneo durante a mesma fin de semana, precisamente ás portas do décimo aniversario do CD Biosbardo, é un reflexo da evolución deportiva e social que está a vivir a entidade.

Presentan a plataforma de mecenado Terra Move

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa e o delegado territorial Javier Arias presentaron a máis de setenta clubs da provincia, pertencentes a disciplinas como fútbol, baloncesto, atletismo, motociclismo, iudo, fútbol sala, pádel ou tenis de mesa, Terra Move, unha nova plataforma solidaria impulsada pola Administración autonómica en colaboración coa Fundación Amare Terra, cuxo presidente, Jesús Martínez, tamén participou no acto.

Durante a presentación, os responsables autonómicos explicaron que Terra Move nace como unha ferramenta dixital “gratuita, innovadora e solidaria” destinada

a facilitar o mecenado e a captación de fondos para clubs, federacións e deportistas galegos. A plataforma permitirá que particulares e empresas poidan apoiar proxectos deportivos de maneira sinxela e segura desde o teléfono móbil, enviando fondos directamente ás entidades inscritas, que á súa vez poderán beneficiarse das deducións fiscais previstas na lexislación española.

Este proxecto, pioneiro en España, conta cun financiamento da Xunta de 250.000 euros, o que representa o 45% do investimento previsto para o período 2025-2027, etapa na que se desenvolverá ata acadar a súa consolidación e expansión definitiva.



Tres novos récords galegos para o Portamiñá

O Club Portamiñá conseguiu un éxito histórico na Copa de España 2ª División, celebrada na piscina municipal de Frigsa, en Lugo, ao bater tres récords galegos e liderar tanto a clasificación masculina como a feminina.

O primeiro récord lográrono Marín, Brais, Pablo e Antonio en 4x100 estilos, cun tempo de 3:43.45. O segundo foi acadado por Brais, Pablo, Samuel e Martín en 4x200 libres,

cun rexistro de 7:29.87. Finalmente, o terceiro récord correspondéulles a Brais, Pablo, Antonio e Martín en 4x200 libres, cun tempo de 3:22.67.

Desde o club destacan que agora toca agardar polos resultados do resto das comunidades para saber se ascenden ou non, que é o obxectivo principal do equipo, e que estes resultados confirman o excelente nivel e a progresión dos seus deportistas.

EN BREVE



KARATE. Roque Mazoy Cortiñas, integrante da Escola Deportiva Shihan, acadou a medalla de bronce na categoría de Kumite sénior -67 kg durante os I Xogos Nacionais de Combate celebrados en A Nucía, en Alicante.



BALONCESTO. A UNED e a Fundación Breogán puxeron en marcha a 4ª tempada do proxecto Ningún Aro Sen Rede, correspondente ao curso 2025-2026, cunha primeira xornada de actividades celebrada nos CEIP A Ponte e CEIP Nabela.

O XIV Aberto do Minho reuniu 77 participantes

O espazo Navelgrado Area acolleu o XIV Aberto de Billarda do Minho, considerado o torneo máis socialmente comprometido do circuíto. A organización correu a cargo do Centro Social Mádia Leva, que volveu artellar un evento impecable a pesar das condicións meteorolóxicas.

Ata 77 palanadoras e palanadores acudiron á chamada para disputar a terceira xornada da Liga da Conferencia Norleste.

O regreso das choivas semella estar a favorecer ás Troitas Bravas, que nesta ocasión conseguiron impoñerse, por só un punto, aos Billardeiros Musicais, invictos até o de agora na tempada.

O terceiro chanzo por equipos foi para a formación liderada polo coñecido “showman do Mandil”, Gundar da Pena Estúa, o único capaz de concluír a xornada cos calcetíns secos. Mantén así o pulso co líder da clasificación, o palanador Marcos Rodríguez Rodríguez, de Billardeiros Musicais.

Na categoría infantil, Mateo sumou 16 puntos e mantense no primeiro posto, seguido por Antía, con 11, e por Mateo, de Mádia Leva, con 4 puntos.

Na categoría de donas destacou o regreso de Aroa Fiallega, que, tras ausentarse da anterior xornada, volveu con forza e alcanzou o primeiro posto con 17 puntos. No podio acompañárona Cris e Vanessa, ambas do Castiñeiro Milenario, con 14 e 12 puntos respectivamente.

Na categoría absoluta, David Navallo, coñecido polo seu espírito combativo tras “remontar o Eo para se converter en Troita Brava”, soubo aproveitar as pozas de Nabela para recuperar a súa mellor forma. Sumou 21 puntos e impúxose por diante de Santi de Carabullo, con 20, e de Manu Pozo, dos Billardeiros Musicais, con 19 puntos.

A próxima cita será o 14 de decembro, coa estrea dun novo Aberto no calendario da Conferencia Norleste, que terá lugar en Friol.

“Gustaríame ser o adestrador que eu non puiden ter”

Alejandro Fernández Gómez, director deportivo, preparador e xestor do CHL Meigas desde hai dous anos, valora positivamente a experiencia

Jessica Fernández

Por que decidiu dar o paso a xestión do club?

Decidín tomar a iniciativa de dirixir o club hai dous anos porque a anterior directiva levaba moito tempo e o club estaba collendo mal rumbo, no sentido de que tiñamos moi poucos nenos e os pais estaban descontentos. Por iso, quixemos darlle un cambio, e Candela, que é a miña parella, e eu puxémonos á fronte do proxecto. Temos outra mamá do club que nos axuda e á tesoureira, e con iso imos facendo.

Como valora a evolución do club?

O club nace máis ou menos en 1999, aínda que antes as rapazas que formaron a asociación xa practicaban hóckey. A idea inicial era promover o hóckey dunha maneira máis organizada tanto en Lugo como en España. Meigas é un club histórico, porque estivo desde o principio tanto na Federación Galega, como na Federación Española, en ambas na sección de hóckey liña. Cando se crea a primeira liga nacional feminina, Meigas tamén está aí, aínda que sexa a un nivel máis baixo, porque aquí en Galicia non estaba moi desenvolvido o hóckey por ese momento. E vai necendo a base con nenos que as rapazas ven xogar ou xente que quere ir incluíndose. Co tempo, fomos mellorando, pero hai que dedicarlle tempo, e cando empezamos a ver que nós iamos a menos mentres que os clubs de Galicia crecían, decidimos darlle un cambio. Así, as estatísticas indicánnos que, actualmente, so-

mos un dos equipos con máis xogadores en categorías prebenxamín e benxamín. Pero isto é un proxecto a longo prazo e a nosa idea é que os nenos que agora son prebenxamíns e benxamíns vaian medrando para que o club tamén medre.

Cantos grupos de nenos teñen?

Nós dividimos os socios entre os que practican hóckey e os que practican patinaxe. No equipo prebenxamín son 18 nenos máis 3 porteiros. Somos o equipo máis amplo da competición con diferenza. Na liga benxamín sacamos dous equipos con 11-12 xogadores cada equipo.

Hai máis adestradores no club?

Sí, Álex González é o segundo adestrador de todos os equipos, o adestrador de porteiros, o adestrador principal do equipo alevín e para min é unha parte ultra fundamental do proxecto deportivo. Eu consulto con el calquera decisión que teña que tomar porque é da miña plena confianza. Despois, temos algunhas rapazas que nos dan apoio de maneira voluntaria. Elas axúdannos e fórmanse, podendo levar algún equipo elas soas no futuro. Se o proxecto funciona na liña que che comentaba, ao final é imposible que dúas persoas leven oito equipos e que se encarguen das clases de patinaxe e demais. Por iso, teño que ir formando á xente que vexa máis interesada para poder ir dándolle pequenos papéis no futuro.

Cal é a filosofía que segue nos adestramentos?

Eu fun vivir a Barcelona durante tres

ou catro anos, e considero que alí é a primeira vez que teño un adestrador de verdade. Por iso, a miña mentalidade é ser o adestrador e dar o club que eu non puiden ter no seu momento. Por iso, dedico moito tempo tanto aos pequenos como aos adolescentes, xa que con 14 ou 15 anos necesitan unha preparación física fóra de pista e ti lles tes que dedicar ese tempo para axudalos na parte física e técnica, para evitar lesións. Por outra parte, á hora de ensinar, hai que atopar un equilibrio entre ser súper pedagóxico, facer que entendan as cousas; e non darlle todo feito. En pedagogía chámase descubrimento guiado, que é que ti lles vas poñendo uns parámetros, pero vas deixando que eles sexan os que atopan a maneira de facelo.

Que resultados do club poderían destacar?

Na primeira xeración de rapazas que eu adestro hai un par de anos, no sénior feminino, dúas rapazas, Uxía e Paula, entraron na Selección Española e conseguiron moitos logros deportivos. Uxía é dúas veces campioa de Europa, Paula é unha, e a verdade que para un club tan pequeno e humilde como nós é un gran orgullo. E tamén estou orgulloso de como xogan os meus equipos de agora. Son bastantes nenos, pero intentamos que cada un deles vaia atopando a súa identidade como xogador, porque todo o mundo ten un espazo. Os nosos equipos sempre son competitivos e é unha cousa que a nós nos fai sentir orgullosos, sobre todo



porque nestas categorías o foco non debería estar posto en gañar ou perder, ti tes que formar persoas e deportistas: tes que explicarlles como se xoga ese deporte, que tipo de recursos poden utilizar, introducirlles un pouco a táctica e axudalos a desenvolverse na pista.

Que beneficios ten o hóckey?

Para min o máis importante é que os nenos aprendan leccións de vida, como que vas ter compañeiros máis aptos ca ti e menos aptos ca ti, e que vas ter que convivir con eles. Ademais, verán que, sendo un deporte minoritario como somos, traballar de maneira profesional neste é moi, moi, moi complexo. No deportivo, a capacidade de coordinación que se adquire no hóckey é altísima, porque ti vas patinando e ademais tes que xestionar un elemento externo, o puck e ademais non interactúas directamente con el, senón que hai un intermediario, o *stick*; polo que a capacidade de coordinación, a base de ter tantos estímulos distintos, é altísima. Ademais, é un deporte moi completo, porque ti necesitas moita forza, xa que é un deporte de contacto, que pode ser agresivo, pero para nada violento. Necesitas forza para ese contacto, axilidade para esquivar

aos rivais e desenvolves moito a resistencia, porque ti tes que estar un minuto e medio na pista, correndo, loitando polo *puck*, desmarcándote, defendendo, e tes un minuto e medio para descansar no banco mentres xogan os teus outros compañeiros.

Cal é o seu proxecto de futuro?

Gustaríanos ser o primeiro equipo, que é un proxecto que sabemos que vai levar anos, en ter dous equipos prebenxamíns, dous benxamíns e dous alevíns, dunha maneira sostida. Esa é a miña maior ambición. E despois, a nivel de instalacións, calquera que pasase polo pavillón Daniel Cordido Castro pódoo ver. O Concello regalounos unha pista de hóckey que é a mellor de Galicia porque o chan é específico de baldosas de plástico; pero é unha mágoa que se vexa opacado por como están as instalacións. Hai pingueiras na pista, que é incluso perigoso, nos cuartos onde gardamos o material, e os baños están fatal. E ao final, Lugo, que ten dous equipos que compiten en categorías nacionais, que sempre foi un referente en Galicia do hóckey liña, que se vexa empañado por como están as instalacións, é unha mágoa.

O CD Lugo reanima o programa escolar con encontros nos centros

O Club Deportivo Lugo retomou o seu plan de encontros cos centros educativos da cidade, unha proposta destinada a estreitar lazos coa comunidade escolar e a animar ás nenas e nenos de Lugo a acompañar ao equipo nos partidos que se disputen no Anxo Carro.

A primeira visita desta nova fase realizouse no Colexio Diocesano María Auxiliadora, onde os futbolistas do primeiro equipo Jorge González e Neco Celorio compartiron a mañá co alumnado máis pequeno. Ademais de conversar con eles e responder ás súas preguntas, os xogadores distribuíron invitacións para o Derbi Galego deste sábado contra o Pontevedra CF, previsto para as 16:15 horas, e entregaron



tarxetas personalizadas para todo o estudiantado do centro.

O club avanzou que o programa continuará nas próximas semanas con novas paradas noutros colexios da

cidade, co propósito de seguir fortalecendo a relación coa mocidade lucense, promover valores deportivos e transmitir o sentimento albirvermeillo ás xeracións máis novas.

O MotoXubileo regresa cunha edición solidaria

O Lóstregos Lucus Motoclub xa ten en marcha a organización do III MotoXubileo, unha iniciativa moteira de carácter solidario que nesta edición volve poñer o foco na loita contra o cancro infantil en colaboración coa asociación Somos Unidos por el Cáncer. A cita será o domingo 4 de xaneiro e reunirá a motoristas que partirán de Lugo.

A concentración comezará a partir das 10.00 horas baixo a carpa instalada xunto ao auditorio Gustavo Freire, onde os participantes serán recibidos polos membros da asociación colaboradora. Alí habilitarase un photocall baixo o arco de Somos e serviránse chocolate con churros dentro dun esmorzar soli-

dario que dará paso a unha rifa con artigos doados por empresas e particulares da cidade. A organización adianta que haberá tamén outras sorpresas que se irán anunciando nos vindeiros días.

Ás 11.30 horas iniciarase a ruta pola antiga N-6. A metade do camiño farase unha parada na torre de Doncos, antes de continuar ata o Cebreiro, onde a chegada está prevista para as 12.45 horas, aproximadamente. A ruta continuará pola montaña ata Sarria, punto no que rematará o percorrido arredor das 14.30 horas. Os motoristas que así o desexen poderán quedar a xantar nun restaurante da vila para poñer o broche á xornada.

Vilalba forma parte do Camiño de Santiago, máis concretamente do Camiño do Norte. Polo seu termo municipal atravesan dúas etapas, a primeira entre Abadín e a propia capitalidade, e a segunda, a que vai ata Baamonde. Percorrela permitirá ao camiñante desfrutar de varias xoias patrimoniais. O Camiño do Norte permite chegar a terras vilalbesas desde Abadín, iniciando o percorrido á saída da localidade collendo unha pista a man dereita que vai en suave descenso.

A photograph of a stone bridge with multiple arches spanning a river, surrounded by lush green trees and foliage. The bridge is made of dark stone and has several small arches. The river is calm and reflects the surrounding greenery. The trees are tall and leafy, creating a dense canopy over the bridge and river. The overall scene is peaceful and scenic.

O percorrido xacobeo avanza ata a parroquia de Insua cruzando o río Labrada pola Ponte de Saa. Pouco despois este tramo do Camiño despídese de terras vilalbesas para entrar na parroquia guiricense de Pígara e avanzar ata Baamonde, onde se sitúa o fin da xornada no albergue de peregrinos.

Dificultade
media

